SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2.008

Na Casa do Concello de Sárria, sendo as dez horas e quince menutos do día dezasete de Decembro de dous mil oito, comparecen ó obxecto de celebraren, en segunda convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, os Concelleiros que de seguido se sinalan, para o cal foron convocados legalmente en tempo e forma, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde ***D. Claudio M. Garrido Martínez.***

ASISTENTES: ***D. Pablo López Barrera***
Dna. Violeta Bernardo Vázquez
D. Francisco Javier García López
D. Germán Arias López

Non asiste a Sra. Concellala, ***Dna. Ana Mª Arias Neira.***

Asiste e certifica do acto o Secretario Titular, ***D. José Antonio Carro Asorey.***

Así mesmo asiste a Sra. Interventora Accidental, ***Dna. Mª Teresa Quiroga López.***

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES.-

Non formulándose por ningún dos Concelleiros asistentes obxección algunha ó contido da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día **5 de Novembro de 2.008;** a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou prestarlle a súa aprobación.

Neste intre auséntase da sesión a Sra. Concellala, ***Dna. Violeta Bernardo Vázquez..***

2.- CONTA DE GASTOS.-

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, con cargo ós respectivos capítulos, artigos, e conceptos do vixente Presuposto de Gastos desta

Corporación, vistos os informes de Intervención, acorda prestar aprobación ós seguintes gastos, declarándoos de abono:

A "M. MUNICIPIOS GALEGOS CAMIÑO FRANCÉS"	**10.776,12 €**
A "LÓPEZ ESPECTÁCULOS, S.L"	**1.624,00 €**
A "AGRÍCOLA CADI, S.L"	**1.571,92 €**
A "CESPA, S.A"	**4.713,96 €**
A "AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AUGA, S.A"	**25.019,32 €**
A "AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AUGA, S.A"	**25.019,32 €**
A "AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AUGA, S.A"	**25.019,32 €**

3.- LIQUIDACIÓNS DE INGRESOS.-

Dase conta das seguintes liquidacións de ingresos:

- De **"ESPINA & DELFÍN, S.L",** referente a liquidacions de taxas por altas no Servizo de abastecemento e saneamento de auga, correspondentes ó 3º trimestre de 2.008 e que ascende á cantidade de **1.359,36 €.**

- Da **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA,** referente a comunicación da transferencia efectuada da aportación correspondente ó 4º trimestre do exercicio 2.008, por importe de **128.355,80 €.**

- Da **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA,** referente á participación deste Concello nos Tributos do Estado, correspondente ó mes de Novembro de 2.008 e que ascende á cantidade de **177.263,52 €.**

- Da **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA,** referente á participación deste Concello nos Tributos do Estado, correspondente ó anticipo da liquidación anual de 2.007 e que ascende á cantidade de **63.492,01 €.**

- De **IBERDROLA,** referente á participación deste Concello nos ingresos obtivos por dita Compañía durante o mes de Novembro de 2.008 e que ascende á cantidade de **81,75 €.**

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

4.- EXENCIÓNS I.V.T.M.-

Vistas as solicitudes formuladas por veciños deste Concello, en relación a **EXENCIÓN NO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA,** de *vehículos con antigüidade superior a 25 anos* (art. 95.6 c) T.R.L.R.F.L), e

CONSIDERANDO, as facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de "Bases do Réxime Local", o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o "Texto Refundido das Disposicións Vixentes en Materia de Réxime Local", o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o "Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais", Lei 58/2003, "Xeral Tributaria", R.D 939/2005 do "Regulamento Xeral de Recadación", R.D. 520/2005, do "Regulamento de revisión en vía administrativa", e demáis disposicións legais aplicables.

Visto canto antecede, os informes emitidos polo Servicio de Intervención Municipal e a documentación xustificativa obrante nos expedientes, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

1.- Estima-las seguintes solicitudes, procedendo á acordar a exención no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica a partires do **exercicio 2009** polo que respecta os titulares, automóbiles e exercicios seguintes:

TITULAR	***ENDEREZO***	***MATRICULA***
JOSÉ LUIS DÍAZ NIEVES	Agra de Celeiro, 4-1º	O-081437
MARCIAL DÍAZ LÓPEZ	Agra de Celeiro, 4-1º	LU-6685-E
ELOY LÓPEZ PÁEZ	Praza Galicia, 47	C-5232-G

2.- Notifica-lo presente acordo ós interesados, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

Vistas as solicitudes formuladas por veciños deste Concello, en relación a **EXENCIÓN NO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA** por ***vehículos matriculados a nome de minusválidos*** (art.. 93.1.e) T.R.L.R.F.L.), e

CONSIDERANDO, as facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o Real Decreto-Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Vixentes en Materia de Réxime Local, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e demais disposicións legais aplicables.

Visto canto antecede, os informes emitidos polo Servicio de Intervención Municipal e a documentación xustificativa obrante nos expedientes, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

1.- Estima-las seguintes solicitudes, procedendo á acorda-la exención no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica a partires do **exercicio 2009** polo que respecta ós titulares e automóbiles seguintes:

TITULAR	***ENDEREZO***	***MATRICULA***
ELENA DOMÍNGUEZ REY	Mazadoiro, 73	3978 BFS
ARTURO JIMÉNEZ JIMÉNEZ	Frei Luis de Granada, 2-6, 1º C	6090 DVW
AMADOR BELLAS LAMELA	Peregrino, 25-1º G	LU-3560-W

2.- Notifica-lo presente acordo ós interesados, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

5.- RATIFICACIÓN DE DECRETOS.-

Vista a **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 768/08**, de data 15 de Decembro de 2008; referente a adxudicación provisional do contrato de subministro correspondente á adquisición de *"TRACTOR COS SEUS APARELLOS"*, á Empresa **"AGRÍCOLA CADI, S.L",** no prezo de **82.857,14 € (I.V.E., incluído);** a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Ratifica-lo Decreto dictado pola Alcaldía en data 15 de Decembro de 2.008.

6.- ESCRITO DE DNA. NATIVIDAD LÓPEZ FRANCO REFERENTE A I.B.I.-

Visto o escrito formulado por **DNA.NATIVIDAD LÓPEZ FRANCO**, titular do D.N.I. núm., 34.150.078-T e domicilio a efectos de notificacións na rúa Gran Vía, 17-1º; a medio do cal solicita a anulación de recibo do Imposto de Bens Inmobles do exercicio 2.008, corespondente a finca sita en Céltigos, 57 (Santiago da Veiga), toda vez que procedeu á súa venda, de conformidade con Escritura Pública outorgada en data 26/06/07 a favor de *D. DAVID RAMOS BENLLOCH*; a Xunta de Goberno,en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Dar traslado do presente escrito para a súa resolución á Excma. Deputación Provincial, Organismo ó que este Concello ten encomendada a xestión do I.B.I.

7.- ESCRITO DO DIRECTOR DO C.E.I.P "FREI LUIS DE GRANADA" REFERENTE A GASTOS DE CALEFACCIÓN DA VIVENDA DO CONSERXE.-

Visto o escrito formulado polo **DIRECTOR DO C.E.I.P "FREI LUIS DE GRANADA"**; a medio do cal solicita se proceda ó abono dos gastos ocasionados polo funcionamento da calefacción correspondente á vivenda do conserxe do citado Centro Educativo; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Proceder ó abono da citada factura, indicando ó interesado, que de conformidade co acordo adoptado por esta Xunta de Goberno en sesión de data

23/04/08, procederase á maior brevidade posible, á adopción das medidas oportunas encamiñadas á independización do funcionamento da calefacción correspondente á vivenda do Conserxe, do resto das instalacións do Centro Escolar.

8.- ESCRITO DE D. ROBERTO QUIROGA LÓPEZ REFERENTE A I.V.T.M.-

Visto o escrito formulado por **D. ROBERTO QUIROGA LÓPEZ**, titular do D.N.I. núm., 33.349.420 e domiciliado en Avda. Becerreá, 16-7º J; a medio do cal solicita a baixa de recibo reclamado en vía de apremio, do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio 2.008, así como a baixa no Padrón Municipal de I.V.T.M, do vehículo propiedade do seu tío, *D. ANGEL MIGUEL QUIROGA SOBRADO*, con matrícula de turista T8973BBC, toda vez que a citada matrícula caducou o 21/02/07; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Acceder ó solicitado, procedendo á baixa do recibo correspondente ó exercicio 2.008 do I.V.T.M do vehículo matrícula T8973BBC.

2.- Proceder á baixa do citado vehículo no Padrón do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

3.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

9.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS DA CONVOCATORIA 2.008 PARA O FOMENTO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS.-

Vistas as solicitudes efectuadas ao abeiro do disposto nas bases da convocatoria pública establecida por este Concello para a concesión de **SUBVENCIÓNS** destinadas ao fomento e á realización de **ACTIVIDADES DE CARÁCTER CULTURAL** durante o exercicio de 2008, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: As bases que regulan a convocatoria foron aprobadas por acordo desta Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 24 de setembro de

2008, inseríndose o anuncio de convocatoria no diario **"El Progreso"** de data 2 de outubro de 2008.

SEGUNDO: Recibíronse e examináronse tódalas solicitudes presentadas no tempo e na forma legal, previa comprobación de que a documentación aportada resultara suficiente para acreditar os requisitos esixidos na convocatoria.

TERCEIRO: Os proxectos presentados teñen por obxecto o fomento de actividades de utilidade pública ou interese social.

CUARTO: Valoráronse as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 9º das bases da convocatoria, e se incorporou no expediente o informe elaborado pola Comisión de Valoración e a proposta de resolución definitiva de data 10 de decembro de 2008.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa de aplicación ven fundamentalmente sinalada na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións(B.O.E. nº 276, do 18 de novembro de 2005); na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Sárria(B.O.P. nº 135, do 15 de xuño de 2005) e nas bases específicas da convocatoria.

SEGUNDO: A Xunta de Goberno Local é competente para avaliar os distintos proxectos presentados e para conceder ou denegar as subvencións, de conformidade co disposto nos Decretos de delegación de atribucións dictados pola Alcaldía(nº 466/07, de 02/07/07, e nº 626/07, de 31/08/07).

Á vista de todo o que se deixa exposto, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Conceder as subvencións, nas contías que se sinalan, ás persoas ou entidades culturais que se relacionan no **ANEXO I.**

2º.- Desestimar as solicitudes presentadas polas persoas ou entidades culturais que se relacionan no **ANEXO II**, polas causas que se indican.

3º.- Dar traslado das resolucións a tódolos interesados, con expresión dos recursos pertinentes.

Para facer efectivo o pagamento das subvencións, os beneficiarios presentarán no Concello de Sárria a xustificación completa dos gastos realizados, na forma prevista no artigo 11 das bases da convocatoria.

En caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións, ou ausencia de xustificación das mesmas nos termos previstos, o Concello esixirá aos preceptores o reintegro das cantidades correspondentes de acordo co procedemento sinalado no artigo 12 das ditas bases.

ANEXO I

Ex pte	Solicitante.	Proxecto.	Puntuación total	Subvención concedida.
1	**ASOCIACIÓN CULTURAL MEIGAS E TRASGOS CIT.**	"ACTIVIDADES CULTURAIS, NOITE MEIGA".	26	**1.100 €**
2	**ASOCIACIÓN CULTURAL DONICELA.**	"FESTA CELTA DA TREBA SEURRA E ENXURRADA."	30	**2.000 €**
3	**ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS "CAMIÑO DE SANTIAGO".**	"REALIZACIÓN DE VIAXES E ACTIVIDADES CULTURAIS."	22	**500 €**
6	**ASOCIACIÓN ALBATAIRA**	"ACTIVIDADES CULTURAIS 2008".	30	**2.000 €**
7	**ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SAN ISIDRO.**	"CURSO DE RESTAURACIÓN DE MADEIRA".	25	**1.000 €**
8	**ASOCIACIÓN CULTURAL PELERIÑOS.**	"XUNTANZA INFANTIL, GRUPOS FOLCLÓRICOS, XUNTANZA VAL DE SÁRRIA, DESPRAZAMENTOS E INTERCAMBIOS FOLCLÓRICOS"	34	**4.000 €**
9	**ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA DO BARRIO DAS INSUAS.**	"IV FESTIVAL RÍO CELEIRO".	22	**500 €**
10	**ASOCIACIÓN CULTURAL SALUGA FILMAX**	"LOS TRABAJOS DE NUESTRO PAN, TARDE DE CINE PRIMAVERAL."	20	**400 €**
11	**ASOCIACIÓN DE VECIÑOS OS CHOQUEIROS DE CHORENTE.**	PUBLICACIÓN DUNHA REVISTA DESTINADA A INFORMACIÓN ACTUAL E HISTÓRICA DO CONCELLO E PARROQUIA.	28	**1.500 €**
12	**ASOCIACIÓN CULTURAL OS GORRIÓS.**	ACTIVIDADES CULTURAIS.	30	**2.000 €**
13	**ASOCIACIÓN CULTURAL O BOSQUE DE FERREIROS.**	"MAGOSTO TRADICIONAL".	19	**300 €**

14	**ASOCIACIÓN CULTURAL-GASTRONÓMICA O PORCO CEBADO.**	"III CURSO DE CATA DE VIÑO E I FESTA DA EMPANADA".	24	**800 €**
15	**ASOCIACIÓN MICOLÓXICA A MUIÑEIRA.**	XORNADAS MICOLÓXICAS 2008.	25	**1.000 €**
17	**ASOCIACIÓN CULTURAL SARRICANTA.**	"MATERIAL MUSICAL, FOTOCOPIAS, DESPRAZAMENTOS CORO, E CURSOS."	27	**1.200 €**
18	**ASEMBLEA LOCAL DA CRUZ VERMELLA.**	"ESCOLA DE SAÚDE, COBERTURA PREVENTIVA SOCIO-SANITARIA ACTOS SOCIO CULTURAIS."	25	**1.000 €**
19	**SOCIEDADE CULTURAL E RECREATIVA LA UNIÓN.**	"ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS."	28	**1.500 €**
20	**C.E.I.P. ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ.**	"ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIS. EXCURSIÓNS FIN DE CURSO".	18	**200 €**
21	**I.E.S. GREGORIO FERNÁNDEZ.**	"EXCURSIÓN FIN DE CURSO ESO".	18	**200 €**
22	**I.E.S. GREGORIO FERNÁNDEZ.**	"V PREMIO DE NARRACIÓN I.E.S. GREGORIO FERNÁNDEZ."	23	**600 €**
23	**I.E.S. XOGRAR AFONSO GÓMEZ.**	"EXCURSIÓN FIN DE CICLO 4º DE ESO."	18	**200 €**

ANEXO II.

Ex pte	**SOLICITANTE.**	**PROXECTO // CAUSA DA DENEGACIÓN.**
4	**ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES DA COMARCA DE SÁRRIA.**	**"2ª XORNADA DE INTEGRACIÓN INTERCULTURAL DE SÁRRIA."** As xornada foi organizada co patrocinio do Concello de Sárria(programa de integración da poboación inmigrante) e contou con subvencións da Xunta de Galicia e da Excma. Deputación Provincial de Lugo.
5	**ASOCIACION MUSICANTES SOCIEDAD MUSICAL**	**"INICIACIÓN Á MÚSICA CLÁSICA PARA NENOS(2ª EDICIÓN)".** A Asociación non realizou en 2008 a actividade para a que solicita a subvención.
16	**ASOCIACIÓN DE VIÚVAS CONCEPCIÓN ULLOA.**	**"ASISTENCIA A ASEMBLEAS, VIAXES CULTURAIS, MANUALIDADES".** A Asociación presentou a súa solicitude fóra de prazo(o expediente rexistrouse o día 24/10/2008 e o prazo rematou o día 22/10/2008).

10.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS DA CONVOCATORIA 2.008 PARA O FOMENTO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS.-

Vistas as solicitudes efectuadas ao abeiro do disposto nas bases da convocatoria pública establecida por este Concello para a concesión de **SUBVENCIÓNS** destinadas ao fomento e á realización de **ACTIVIDADES DEPORTIVAS** durante o exercicio de 2008, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: As bases que regulan a convocatoria foron aprobadas por acordo desta Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 24 de setembro de 2008, inseríndose o anuncio de convocatoria no diario **"El Progreso"** de data 2 de outubro de 2008.

SEGUNDO: Recibíronse e examináronse tódalas solicitudes presentadas no tempo e na forma legal, previa comprobación de que a documentación aportada resultara suficiente para acreditar os requisitos esixidos na convocatoria.

TERCEIRO: Os proxectos presentados teñen por obxecto o fomento de actividades de utilidade pública ou interese social.

CUARTO: Valoráronse as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 9º das bases da convocatoria, e se incorporou no expediente o informe elaborado pola Comisión de Valoración e a proposta de resolución de data 9 de decembro de 2008.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa de aplicación ven fundamentalmente sinalada na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións(B.O.E. nº 276, do 18 de novembro de 2005); na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Sárria(B.O.P. nº 135, do 15 de xuño de 2005) e nas bases específicas da convocatoria.

SEGUNDO: A Xunta de Goberno Local é competente para avaliar os distintos proxectos presentados e para conceder ou denegar as subvencións, de conformidade co disposto nos Decretos de delegación de atribucións dictados pola Alcaldía(nº 466/07, de 02/07/07, e nº 626/07, de 31/08/07).

Á vista de todo o que se deixa feito referencia, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Conceder as subvencións, nas contías que se sinalan, ás persoas ou entidades deportivas que se relacionan no **ANEXO I.**

2º.- Desestimar as solicitudes presentadas polas persoas ou entidades culturais que se relacionan no **ANEXO II,** polas causas que se indican.

3º.- Dar traslado das resolucións a tódolos interesados, con expresión dos recursos pertinentes.

Para facer efectivo o pagamento das subvencións, os beneficiarios presentarán no Concello de Sárria a xustificación completa dos gastos realizados, na forma prevista no artigo 11 das bases da convocatoria.

En caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións, ou ausencia de xustificación das mesmas nos termos previstos, o Concello esixirá aos perceptores o reintegro das cantidades correspondentes de acordo co procedemento sinalado no artigo 12 das ditas bases.

ANEXO I

Ex pte	Solicitante.	Proxecto.	Puntuación total.	Subvención concedida.
1	**ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES DA COMARCA DE SÁRRIA.**	"BEISBOL BRAZUCA AICOS"	23	**300 €**
3	**ASOCIACIÓN ALBATAIRA.**	"ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2008."	24	**300 €**
4	**ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MOSTEIRO DE MORTOLÁNS.**	"EQUIPAMENTO DEPORTIVO".	24	**300 €**
6	**SOCIEDADE DEPORTIVA OURAL.**	"LIGA DE FÚTBOL 3ª AUTONÓMICA".	49	**5.000 €**
7	**CLUB CICLISTA SARRIANO.**	"TEMPORADA 2008.	34	**1.000 €**
8	**CLUB XIRANDELA.**	"SUDADERAS".	37	**1.200 €**
9	**CLUB XIRANDELA.**	"DESPRAZAMENTOS, MATERIAL, CLÍNIC DE XIMNASIA RÍTMICA."	37	**1.500 €**
10	**CLUB VOLEIBOL SARRIA.**	"GASTOS DE CLUB VOLEIBOL SÁRRIA DEL AÑO 2008."	44	**4.000 €**
11	**CLUB ANCA.**	"HOCKEY EN PATÍNS/GALA	29	**600 €**

		PATINAXE”		
12	**CLUB DE TIRO SAN JUA N**	“FORMACIÓN DE TIRADORES NÓVELES Y REALIZACIÓN DE COMPETICIÓNS EN VARIAS DISCIPLINAS DE TIRO DEPORTIVO”	32	**1.000 €**
13	**CLUB DEPERPOL SÁRRIA.**	“MATERIAL DEPORTIVO, CURSO DE DEFENSA PERSOAL XENÉRICO”.	32	**1.000 €**
14	**CLUB HOSTAL ROMA F.S.**	“XOGAR A LIGA PROVINCIAL DE FÚTBOL SALA”.	32	**1.000 €**
15	**CLUB ALUCAR LÓPEZ CASTRO FÚTBOL SALA.**	“FÚTBOL SALA AUTONÓMICA NORTE”.	40	**2.000 €**
16	**CLUB FÚTBOL SALA OS MEIGALLOS SÁRRIA.**	“CLUB FÚTBOL SALA”.	28	**400 €**
17	**CLUB O MESÓN DO LOYO F.S.**	“CLUB DE FÚTBOL SALA FEDERADO NA LIGA PRIMEIRA B.”	43	**3.000 €**
18	**COLECTIVO CIDADÁN SÁRRIA F.V.**	“PARTICIPACIÓN NA LIGA DE FÚTBOL VETERANO”.	32	**1.000 €**
20	**COLECTIVO CIDADÁN RUTA 4X4 COMARCA DE SÁRRIA.**	“RUTA 4X4 COMARCA DE SÁRRIA.”	26	**400 €**

ANEXO II

Ex pte	**SOLICITANTE.**	**PROXECTO // CAUSA DA DENEGACIÓN.**
2	**ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES DA COMARCA DE SÁRRIA.**	**“EQUIPO DE FÚTBOL SALA BRAZUCA F.C.”** NON EXISTE CRÉDITO PARA ATENDER A PETICIÓN FORMULADA.
5	**ASEMBLEA LOCAL DA CRUZ VERMELLA.**	**“COBERTURA SANITARIA ACTOS DEPORTIVOS PATROCINADOS POLO CONCELLO DE SÁRRIA”** A entidade ten consignada nos orzamentos municipais de 2008 unha subvención nominativa para o mesmo proxecto por importe de 4.000 €.
19	**COLECTIVO CIDADÁN CORESA.**	**“PARTICIPACIÓN NA LIGA DE FÚTBOL VETERANO”.** NON EXISTE CRÉDITO PARA ATENDER A PETICIÓN FORMULADA.

11.- RATIFICACIÓN DECRETO 766/08, DE 12/12/08, POLO QUE SE LLE PRESTA APROBACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON

PROTECCIÓN CIVIL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ANTA.-

Vista a **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 766/08**, de data 12 de Decembro de 2008; referente a aprobación de **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SARRIA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL** para a continuidade do *Programa de Apoio Normalizado de Transporte Adaptaono Municipio de Sarria (Programa ANTA)*; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Ratifica-lo Decreto dictado pola Alcaldía en data 12 de Decembro de 2.008.

12.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDIOS PARA OS COMPOÑENTES DA BANDA DE MÚSICA DE SARRIA PARA O CURSO ACADÉMICO 2.007/2.008.-

Vistas as solicitudes efectuadas ao abeiro do disposto nas bases da convocatoria pública establecida por este Concello para a concesión de **BOLSAS DE ESTUDIOS** para os compoñentes da **BANDA DE MÚSICA DE SÁRRIA** para o curso académico 2007/2008, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: As bases que regulan a convocatoria foron aprobadas por acordo desta Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 5 de novembro de 2008, inseríndose o anuncio de convocatoria no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na Escola Municipal de Música.

SEGUNDO: Recibíronse e examináronse tódalas solicitudes presentadas no tempo e na forma legal, previa comprobación de que a documentación aportada resultara suficiente para acreditar os requisitos esixidos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa de aplicación ven fundamentalmente sinalada na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións(B.O.E. nº 276, do 18 de novembro de 2005); na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de

Sárria(B.O.P. nº 135, do 15 de xuño de 2005) e nas bases específicas da convocatoria.

SEGUNDO: A Xunta de Goberno Local é competente para avaliar os distintos proxectos presentados e para conceder ou denegar as subvencións, de conformidade co disposto nos Decretos de delegación de atribucións dictados pola Alcaldía(nº 466/07, de 02/07/07, e nº 626/07, de 31/08/07).

Á vista de todo o que se deixa exposto, a Xunta de Goberno, en votacion ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Conceder as bolsas de estudios, nas contías que se sinalan, aos solicitantes que se relacionan no **ANEXO I.**

2º.- Inserir no taboleiro de anuncios do Concello a lista de beneficiarios para o seu coñecemento xeral.

ANEXO I

Beneficiario.	**Importe da bolsa.**
Balboa Núñez, Miguel.	**150,00 €**
Balboa Valcarce, Adrián.	**150,00 €**
Balboa Valcarce, Tania.	**150,00 €**
Blanco Leirado, Manuel.	**150,00 €**
Caloto López, Jesica.	**150,00 €**
Campo Campo, Nuria.	**150,00 €**
García Díaz, José Luís.	**150,00 €**
García Díaz, Santiago.	**150,00 €**
López Carretero, Laura.	**150,00 €**
López Cid, Iván.	**150,00 €**
López Cid, Verónica.	**150,00 €**
López López, Eric.	**150,00 €**
Montero López, Manuel.	**150,00 €**
Pérez Rodríguez, Dyango.	**150,00 €**
Real López, Adrián.	**150,00 €**
Rodríguez Pedrido, Diego.	**150,00 €**
Rodríguez Rodríguez, Francisco Javier.	**150,00 €**
Valcárcel Gallego, Bieito.	**150,00 €**

13.- OFERTAS EXECUCIÓN OBRAS DE "REPOSICIÓN DE FIRME E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS EN CÉLTIGOS".-

Vista a **PROPOSTA** formulada pola **ALCALDÍA**, en orde á execución de Obras de **"REPOSICIÓN DE FIRME E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS EN CÉLTIGOS",** e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: En función do custo da adquisición, a mesma encádrase dentro dos contratos menores de obras definidos no artigo 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público".

SEGUNDO: No vixente Orzamento de Gastos deste Concello para o presente exercicio consta a existencia de crédito adecuado e suficiente para afronta-lo gasto que conleve a proposta de adxudicación.

TERCEIRO: Acreditouse a consulta a tres Empresas, constando no expediente tres ofertas formuladas polas seguinte Empresas e cos prezos que se indican:

- ***"OBRAS Y VIALES BASCUAS, S.L":*** Quen formula unha oferta por importe de **21.000,00 € (I.V.E., incluído).**

- ***"OBRAS Y CONSTRUCCIONES CORTIZO, S.L":*** Quen formula unha oferta por importe de **20.200,00 € (I.V.E., incluído).**

- ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A":*** Quen formula unha oferta por importe de **19.900,00 € (I.V.E., incluído).**

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa aplicable é a seguinte: artigos 95 e 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público", 72 do Regulamento Xeral da "Lei de Contratos das Administracións Públicas" e o Informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 40/1995, do 7 de marzo de 1.996, que regulan os contratos menores.

SEGUNDO: A tramitación do expediente adecuouse á lexislación citada e ós criterios xerais regulados na Base 19ª C) das de execución do vixente presuposto de gastos desta Corporación para o presente exercicio 2.008.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Prestar aprobación á Memoria-Valorada redactada ó efecto.

2.- Así mesmo, prestar aprobación ó procedemento tramitado mediante contrato menor de obras para a execución de ***"REPOSICIÓN DE FIRME E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS EN CÉLTIGOS",*** segundo o disposto no artigo 95 da Lei 30/2.007, de 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público e na Base 19ª C) das de execución do vixente presuposto de gastos desta Corporación para o presente exercicio de 2.008, requeríndoo para que presente declaración responsable de ter capacidade para contratar conforme ós artigos 43 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de "Contratos do Sector Público, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 49 do mesmo, sen prexuízo de que, no prazo de cinco días aporte a documentación esixible, acreditativa de tales circunstancias e da personalidade da empresa e requerida para o acceso ó Arquivo de Empresas do Concello de Sarria, ou de se-lo caso, declaración de vixencia da documentación presentada para dito acceso.

2.- Adxudica-la adquisición contemplada no presente expediente a ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A",*** con C.I.F. núm., A-15016207 e domicilio social na rúa San Martín de Guillar, s/n de Outeiro de Rei (Lugo), no prezo de **19.900,00 € (I.V.E., incluído).**

3.- O pagamento do prezo do contrato, requerirá a previa presentación da factura regulamentaria conforme ó artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto e achegando a acta de recepción e informes dos servizos técnicos e administrativos que correspondan e que deberá ser aprobada polo órgano competente.

4.- Establece-las seguinte obrigas e dereitos recíprocos entre a Administración e ó adxudicatario:

a) Será de conta do adxudicatario os gastos de transporte, entrega e instalación e demáis derivados da tramitación da pertinente documentación en vigor para a súa circulación, sendo éste tamén o encargado de efectua-la correspondente tramitación.

b) O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

c) O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministros e das faltas que houbere. Cando os bens non se atopen en estado de ser recibidos, farase constar así na acta de recepción para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a un novo subministro, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato, establecéndose a tales efectos e ó disposto no artigo 274 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, un prazo de garantía de un ano.

d) Serán dereitos do adxudicatario o cobramento do prezo do contrato executado de acordo coas presente cláusulas, dentro do termo máximo de sesenta días a contar dende a presentación da factura no Rexistro Xeral, cos requisitos esixidos no artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto. A partires do cumprimento de dito prazo, o contratista terá dereito ó abono dos intereses de demora e indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no suposto de que algún documento dos esixidos para efectua-lo pagamento contivese algún erro ou omisión, e o contratista non tivese advertido no momento de prestar conformidade á recepción, expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciaá ata que se enmenden os defectos que contivese o expediente de pagamento, computándose polo tanto o inicio do prazo para esixi-lo interese legal dos cartos a partir da expedición da cocumentación emendada.

De igual modo, se a factura contivese algún erro ou omisión, o cómputo do prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura.

e) A Administración e o adxudicatario quedarán obrigados a calesquera outras obrigas e dereitos que se contemplen na Lei de Contratos das Administracións Públicas e o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

5.- Notifica-lo presente acordo ó adxudicatario e ós demáis licitadores que non resultaron adxudicatarios.

14.- OFERTAS EXECUCIÓN OBRAS DE "REPOSICIÓN DE FIRME NA RÚA CASTELAO".-

Vista a **PROPOSTA** formulada pola **ALCALDÍA**, en orde á execución de Obras de **"REPOSICIÓN DE FIRME NA RÚA CASTELAO",** e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: En función do custo da adquisición, a mesma encádrase dentro dos contratos menores de obras definidos no artigo 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público".

SEGUNDO: No vixente Orzamento de Gastos deste Concello para o presente exercicio consta a existencia de crédito adecuado e suficiente para afronta-lo gasto que conleve a proposta de adxudicación.

TERCEIRO: Acreditouse a consulta a tres Empresas, constando no expediente tres ofertas formuladas polas seguinte Empresas e cos prezos que se indican:

- ***"OBRAS Y VIALES BASCUAS, S.L":*** Quen formula unha oferta por importe de **55.000,00 € (I.V.E., incluído).**

- ***"OBRAS Y CONSTRUCCIONES CORTIZO, S.L":*** Quen formula unha oferta por importe de **53.300,00 € (I.V.E., incluído).**

- ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A":*** Quen formula unha oferta por importe de **53.000,00 € (I.V.E., incluído).**

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa aplicable é a seguinte: artigos 95 e 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público", 72 do Regulamento Xeral da "Lei de Contratos das Administracións Públicas" e o Informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 40/1995, do 7 de marzo de 1.996, que regulan os contratos menores.

SEGUNDO: A tramitación do expediente adecuouse á lexislación citada e ós criterios xerais regulados na Base 19ª C) das de execución do vixente presuposto de gastos desta Corporación para o presente exercicio 2.008.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Prestar aprobación á Memoria-Valorada redactada ó efecto.

2.- Así mesmo, prestar aprobación ó procedemento tramitado mediante contrato menor de obras para a execución de ***"REPOSICIÓN DE FIRME NA RÚA CASTELAO",*** segundo o disposto no artigo 95 da Lei 30/2.007, de 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público e na Base 19ª C) das de execución do vixente presuposto de gastos desta Corporación para o presente exercicio de 2.008, requeríndoo para que presente declaración responsable de ter capacidade para contratar conforme ós artigos 43 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de "Contratos do Sector Público, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 49 do mesmo, sen prexuízo de que, no prazo de cinco días aporte a documentación esixible, acreditativa de tales circunstancias e da personalidade da empresa e requerida para o acceso ó Arquivo de Empresas do Concello de Sarria, ou de se-lo caso, declaración de vixencia da documentación presentada para dito acceso.

2.- Adxudica-la adquisición contemplada no presente expediente a ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A",*** con C.I.F. núm., A-15016207 e domicilio social na rúa San Martín de Guillar, s/n de Outeiro de Rei (Lugo), no prezo de **53.000,00 € (I.V.E., incluído).**

3.- O pagamento do prezo do contrato, requerirá a previa presentación da factura regulamentaria conforme ó artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto e achegando a acta de recepción e informes dos servizos técnicos e administrativos que correspondan e que deberá ser aprobada polo órgano competente.

4.- Establece-las seguinte obrigas e dereitos recíprocos entre a Administración e ó adxudicatario:

a) Será de conta do adxudicatario os gastos de transporte, entrega e instalación e demáis derivados da tramitación da pertinente documentación en vigor para a súa circulación, sendo éste tamén o encargado de efectua-la correspondente tramitación.

b) O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

c) O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministros e das faltas que houbere. Cando os bens non se atopen en estado de ser recibidos, farase constar así na acta de recepción para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a un novo subministro, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato, establecéndose a tales efectos e ó disposto no artigo 274 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, un prazo de garantía de un ano.

d) Serán dereitos do adxudicatario o cobramento do prezo do contrato executado de acordo coas presente cláusulas, dentro do termo máximo de sesenta días a contar dende a presentación da factura no Rexistro Xeral, cos requisitos esixidos no artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto. A partires do cumprimento de dito prazo, o contratista terá dereito ó abono dos intereses de demora e indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no suposto de que algún documento dos esixidos para efectua-lo pagamento contivese algún erro ou omisión, e o contratista non tivese advertido no momento de prestar conformidade á recepción, expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciaá ata que se enmenden os defectos que contivese o expediente de pagamento, computándose polo tanto o inicio do prazo para esixi-lo interese legal dos cartos a partir da expedición da cocumentación emendada.

De igual modo, se a factura contivese algún erro ou omisión, o cómputo do prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura.

e) A Administración e o adxudicatario quedarán obrigados a calesquera outras obrigas e dereitos que se contemplen na Lei de Contratos das Administracións Públicas e o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

5.- Notifica-lo presente acordo ó adxudicatario e ós demáis licitadores que non resultaron adxudicatarios.

15.- PROXECTO DE REACONDICIONAMENTO E MELLORA DA BIBLIOTECA PÚBLICA.-

Vista a **MEMORIA-VALORADA** para o *"REACONDICIONAMENTO E MELLORA DA BIBLIOTECA PÚBLICA***",** redactada polo Arquitecto Director da Oficina de Rehabilitación do Concello de Sárria D. Oscar López Alba e o correspondente expediente de contratación que se está a tramitar para a subministración do mobiliario necesario; e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: En función do custo da adquisición, a mesma encádrase dentro dos contratos menores de subministros definidos no artigo 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público".

SEGUNDO: No vixente Orzamento de Gastos deste Concello para o presente exercicio consta a existencia de crédito adecuado e suficiente para afronta-lo gasto que conleve a proposta de adxudicación.

TERCEIRO: Acreditouse a consulta a tres Empresas, constando no expediente tres ofertas formuladas polas seguinte Empresas e cos prezos que se indican:

- ***"PRELO, S.L":*** Quen formula unha oferta por importe de **19.929,07 € (I.V.E., incluído),** e polo que respecta ó seguinte material:

  - 2 Mesas dobles con electrificación SERIE VITAL HX816 de 320x160 (8 prazas)

- 8 Mesas simples SERIE VITAL H14 de 160x80 (4 prazas). Branco/Aluminizado

- 4 Luminarias dobles serie 200, de iluminación directa con proxección simétrica a ambas mesas, reactancia electrónica con precaldea, reducción de consumo do 20% sen limitación de encendidos diarios, lámpara fluorescente tipo t8 de 36 W (2 Uds.)

- 1 Silla UMA con estructura interior de aceiro recuberta de espuma inxectada, garantindo a ergonomía e durabilidade do acolchado. Con brazos poliámida, rodas e elevación a gas. (7121)

- 44 Sillas UMA con estructura interior de aceiro recuberta de espuma inxectada, garantindo a ergonomía e durabilidade do acolchado. Con brazos, diferentes tapizados. (7424).

- 2 Mesas circulares infantís. Superficie de estratificado, perfís de faia maciza barnizada e redondeada. 4 patas de faia maciza barnizada. Dispoñibilidade do taboleiro en diferente cores, faia, mandarina, verde herba e azul básico. Dispoñible en varias tallas.

- 6 Sillas infantís. Fabricada en faia maciza e estructura reforzada. Asento e respaldo estratificado de 9 mm. de espesor. Patas traseiras curvadas para maior estabilidade. Barnizada con elementos non tóxicos. Apilable. Alt. Asento 26 cm. Dispoñible en 3 tallas.
  Cores: mandarina, amarelo pastel, azul lavanda, verde mar, faia, vermello coral, amarelo e verde pálido.

- 14 Módulos armario aberto 90 x 42 x 78. Laterais, lellas e traseiras en cor aluminizado. Inclúe un estante.

- 2 Tapas módulos 3 uds -267 cm- branco.

- 4 Tapas módulos 2 uds -178 cm- branco

- 16 Módulos armario aberto 90 x 42 x 185. Laterais, lellas e traseiras en cor aluminizado, tapa en cor branco. Inclúe 4 estantes.

- 1 Lámpada de sobremesa

* Incluído montaxe mobiliario

- ***<u>"FERLO INSTALACIONES COMERCIALES, S.L"</u>:*** Quen formula unha oferta por importe de **21.067,92 € (I.V.E., incluído),** e polo que respecta ó seguinte material:

  - 2 Mesas dobles con electrificación SERIE VITAL HX816 de 320x160

  - 8 Mesas simples SERIE VITAL H14 de 160x80

  - 4 Luminarias dobles serie 200, de iluminación directa con proxección simétrica a ambas mesas. Lámpara fluorescente tipo t8 de 36 W

  - 1 Silla UMA con estructura interior de aceiro recuberta de espuma inxectada, con brazos poliámida, rodas e elevación a gas.

  - 44 Sillas UMA con estructura interior de aceiro recuberta de espuma inxectada, con brazos, diferentes tapizados.

  - 2 Mesas circulares infantís, diámetro 100 cms. Superficie de estratificado, perfís de faia maciza barnizada e redondeada. Dispoñibilidade do taboleiro en diferente cores.

  - 6 Sillas infantís. Fabricada en faia maciza e estructura reforzada. Asento e respaldo estratificado de 9 mm. de espesor. Dispoñible varios cores.

  - 14 Módulos armario aberto 90 x 42 x 78. Inclúe un estante.

  - 2 Tapas módulos 3 uds. Branco.

  - 4 Tapas módulos 2 uds. Branco

  - 16 Módulos armario aberto 90 x 42 x 185. Inclúe 4 estantes. Branco

  - 1 Lámpada de sobremesa

  * Incluído montaxe mobiliario

- ***"GALIOFFICE:*** Quen formula unha oferta por importe de **21.512,20 € (I.V.E., incluído),** e polo que respecta ó seguinte material:

  - 2 Mesas dobles con electrificación SERIE VITAL de 320x160

  - 8 Mesas simples SERIE VITAL de 160x80

  - 4 Luminarias dobles serie 200.

  - 1 Silla con estructura interior de aceiro recuberta de espuma inxectada. Con brazos rodas e elevación a gas.

  - 44 Sillas con estructura interior de aceiro recuberta de espuma inxectada. 4 Patas, con brazos.

  - 2 Mesas circulares infantís. Superficie de estratificado. Diámetro 100 cm.

  - 6 Sillas infantís. Fabricada en faia maciza.

  - 14 Armarios abertos 90 x 42 x 78. Inclúe un estante.

  - 16 Módulos armario aberto 90 x 42 x 185. Inclúe 4 estantes.

  - 1 Lámpada sobremesa luz halóxena

  * Incluído transporte e instalación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa aplicable é a seguinte: artigos 95 e 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público", 72 do Regulamento Xeral da "Lei de Contratos das Administracións Públicas" e o Informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 40/1995, do 7 de marzo de 1.996, que regulan os contratos menores.

SEGUNDO: A tramitación do expediente adecuouse á lexislación citada e ós criterios xerais regulados na Base 19ª C) das de execución do vixente presuposto de gastos desta Corporación para o presente exercicio 2.008.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Prestar aprobación á Memoria-Valorada redactada ó efecto.

2.- Así mesmo, prestar aprobación ó procedemento tramitado mediante contrato menor de subministro para a adquisición de ***"MOBILIARIO NECESARIO PARA O REACONDICIONAMENTO E MELLORA DA BIBLIOTECA PÚBLICA",*** segundo o disposto no artigo 95 da Lei 30/2.007, de 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público e na Base 19ª C) das de execución do vixente presuposto de gastos desta Corporación para o presente exercicio de 2.008, requeríndoo para que presente declaración responsable de ter capacidade para contratar conforme ós artigos 43 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de "Contratos do Sector Público, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 49 do mesmo, sen prexuízo de que, no prazo de cinco días aporte a documentación esixible, acreditativa de tales circunstancias e da personalidade da empresa e requerida para o acceso ó Arquivo de Empresas do Concello de Sarria, ou de se-lo caso, declaración de vixencia da documentación presentada para dito acceso.

2.- Adxudica-la adquisición contemplada no presente expediente a ***"PRELO, S.L",*** con C.I.F. núm., B-27.021.237 e domicilio social en Ronda da Muralla, 34-35 de Lugo, no prezo de **17.180,23 €** e **2.748,84 € de I.V.E (19.929,07 €)** e correspondente á subministración do seguinte material:

- 2 Mesas dobles con electrificación SERIE VITAL HX816 de 320x160 (8 prazas)

- 8 Mesas simples SERIE VITAL H14 de 160x80 (4 prazas). Branco/Aluminizado

- 4 Luminarias dobles serie 200, de iluminación directa con proxección simétrica a ambas mesas, reactancia electrónica con precaldea, reducción de consumo do 20% sen limitación de encendidos diarios, lámpara fluorescente tipo t8 de 36 W (2 Uds.)

- 1 Silla UMA con estructura interior de aceiro recuberta de espuma inxectada, garantindo a ergonomía e durabilidade do

acolchado. Con brazos poliámida, rodas e elevación a gas. (7121)

- 44 Sillas UMA con estructura interior de aceiro recuberta de espuma inxectada, garantindo a ergonomía e durabilidade do acolchado. Con brazos, diferentes tapizados. (7424).

- 2 Mesas circulares infantís. Superficie de estratificado, perfís de faia maciza barnizada e redondeada. 4 patas de faia maciza barnizada. Dispoñibilidade do taboleiro en diferente cores, faia, mandarina, verde herba e azul básico. Dispoñible en varias tallas.

- 6 Sillas infantís. Fabricada en faia maciza e estructura reforzada. Asento e respaldo estratificado de 9 mm. de espesor. Patas traseiras curvadas para maior estabilidade. Barnizada con elementos non tóxicos. Apilable. Alt. Asento 26 cm. Dispoñible en 3 tallas.
  Cores: mandarina, amarelo pastel, azul lavanda, verde mar, faia, vermello coral, amarelo e verde pálido.

- 14 Módulos armario aberto 90 x 42 x 78. Laterais, lellas e traseiras en cor aluminizado. Inclúe un estante.

- 2 Tapas módulos 3 uds -267 cm- branco.

- 4 Tapas módulos 2 uds -178 cm- branco

- 16 Módulos armario aberto 90 x 42 x 185. Laterais, lellas e traseiras en cor aluminizado, tapa en cor branco. Inclúe 4 estantes.

- 1 Lámpada de sobremesa

* Incluído montaxe mobiliario

3.- O pagamento do prezo do contrato, requerirá a previa presentación da factura regulamentaria conforme ó artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto e achegando a acta de recepción e informes dos servizos técnicos e administrativos que correspondan e que deberá ser aprobada polo órgano competente.

4.- Establece-las seguinte obrigas e dereitos recíprocos entre a Administración e ó adxudicatario:

a) Será de conta do adxudicatario os gastos de transporte, entrega e instalación e demáis derivados da tramitación da pertinente documentación en vigor para a súa circulación, sendo éste tamén o encargado de efectua-la correspondente tramitación.

b) O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

c) O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministros e das faltas que houbere. Cando os bens non se atopen en estado de ser recibidos, farase constar así na acta de recepción para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a un novo subministro, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato, establecéndose a tales efectos e ó disposto no artigo 274 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, un prazo de garantía de un ano.

d) Serán dereitos do adxudicatario o cobramento do prezo do contrato executado de acordo coas presente cláusulas, dentro do termo máximo de sesenta días a contar dende a presentación da factura no Rexistro Xeral, cos requisitos esixidos no artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto. A partires do cumprimento de dito prazo, o contratista terá dereito ó abono dos intereses de demora e indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no suposto de que algún documento dos esixidos para efectua-lo pagamento contivese algún erro ou omisión, e o contratista non tivese advertido no momento de prestar conformidade á recepción, expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciaá ata que se enmenden os defectos que contivese o expediente de pagamento, computándose polo tanto o inicio do prazo para esixi-lo interese legal dos cartos a partir da expedición da cocumentación emendada.

De igual modo, se a factura contivese algún erro ou omisión, o cómputo do prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura.

e) A Administración e o adxudicatario quedarán obrigados a calesquera outras obrigas e dereitos que se contemplen na Lei de Contratos das Administracións Públicas e o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

5.- Notifica-lo presente acordo ó adxudicatario e ós demáis licitadores que non resultaron adxudicatarios.

16.- REHABILITACIÓN E REFORMA DE COLEXIOS PÚBLICOS DE SARRIA.-

Vista a **PROPOSTA** formulada pola **ALCALDÍA**, en orde á execución de Obras de **"REHABILITACIÓN E REFORMA DO COLEXIO PÚBLICO DE BIVILLE",** e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: En función do custo da adquisición, a mesma encádrase dentro dos contratos menores de obras definidos no artigo 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público".

SEGUNDO: No vixente Orzamento de Gastos deste Concello para o presente exercicio consta a existencia de crédito adecuado e suficiente para afronta-lo gasto que conleve a proposta de adxudicación.

TERCEIRO: Acreditouse a consulta a tres Empresas, constando no expediente tres ofertas formuladas polas seguinte Empresas e cos prezos que se indican:

- ***"CONSTRUCCIONES ENRIQUE GARCÍA LÓPEZ":*** Quen formula unha oferta por importe de **28.039,81 € (I.V.E., incluído).**

- ***"CONSTRUCCIONES O VIGO, S.L":*** Quen formula unha oferta por importe de **28.851,52 € (I.V.E., incluído).**

- ***"CONSTRUCCIONES RAMÓN MACEDA RODRIGUEZ":*** Quen formula unha oferta por importe de **30.276,00 € (I.V.E., incluído).**

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa aplicable é a seguinte: artigos 95 e 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público", 72 do Regulamento Xeral da "Lei de Contratos das Administracións Públicas" e o Informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 40/1995, do 7 de marzo de 1.996, que regulan os contratos menores.

SEGUNDO: A tramitación do expediente adecuouse á lexislación citada e ós criterios xerais regulados na Base 19ª C) das de execución do vixente presuposto de gastos desta Corporación para o presente exercicio 2.008.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Prestar aprobación á Memoria-Valorada redactada ó efecto.

2.- Así mesmo, prestar aprobación ó procedemento tramitado mediante contrato menor de obras para a execución de ***"REHABILITACIÓN E REFORMA DO COLEXIO PÚBLICO DE BIVILLE",*** segundo o disposto no artigo 95 da Lei 30/2.007, de 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público e na Base 19ª C) das de execución do vixente presuposto de gastos desta Corporación para o presente exercicio de 2.008, requeríndoo para que presente declaración responsable de ter capacidade para contratar conforme ós artigos 43 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de "Contratos do Sector Público, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 49 do mesmo, sen prexuízo de que, no prazo de cinco días aporte a documentación esixible, acreditativa de tales circunstancias e da personalidade da empresa e requerida para o acceso ó Arquivo de Empresas do Concello de Sarria, ou de se-lo caso, declaración de vixencia da documentación presentada para dito acceso.

2.- Adxudica-la adquisición contemplada no presente expediente a ***"CONSTRUCCIONES ENRIQUE GARCÍA LÓPEZ",*** con D.N.I. núm., 76.546.368-E e domicilio social na rúa Rosalía de Castro, 14, no prezo de **28.039,81 € (I.V.E., incluído).**

3.- O pagamento do prezo do contrato, requerirá a previa presentación da factura regulamentaria conforme ó artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de

Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto e achegando a acta de recepción e informes dos servizos técnicos e administrativos que correspondan e que deberá ser aprobada polo órgano competente.

4.- Establece-las seguinte obrigas e dereitos recíprocos entre a Administración e ó adxudicatario:

a) Será de conta do adxudicatario os gastos de transporte, entrega e instalación e demáis derivados da tramitación da pertinente documentación en vigor para a súa circulación, sendo éste tamén o encargado de efectua-la correspondente tramitación.

b) O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

c) O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministros e das faltas que houbere. Cando os bens non se atopen en estado de ser recibidos, farase constar así na acta de recepción para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a un novo subministro, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato, establecéndose a tales efectos e ó disposto no artigo 274 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, un prazo de garantía de un ano.

d) Serán dereitos do adxudicatario o cobramento do prezo do contrato executado de acordo coas presente cláusulas, dentro do termo máximo de sesenta días a contar dende a presentación da factura no Rexistro Xeral, cos requisitos esixidos no artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13ª das de execución do presuposto. A partires do cumprimento de dito prazo, o contratista terá dereito ó abono dos intereses de demora e indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no suposto de que algún documento dos esixidos para efectua-lo pagamento contivese algún erro ou omisión, e o contratista non tivese advertido no momento de prestar conformidade á recepción, expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciaá ata que se enmenden os defectos que contivese o expediente de pagamento, computándose

polo tanto o inicio do prazo para esixi-lo interese legal dos cartos a partir da expedición da cocumentación emendada.

De igual modo, se a factura contivese algún erro ou omisión, o cómputo do prazo para esixi-lo interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura.

e) A Administración e o adxudicatario quedarán obrigados a calesquera outras obrigas e dereitos que se contemplen na Lei de Contratos das Administracións Públicas e o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

5.- Notifica-lo presente acordo ó adxudicatario e ós demáis licitadores que non resultaron adxudicatarios.

17.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL OBRAS:

A) PROXECTO DE "AMPLIACIÓN DA RUTA DE AS ACEAS. MARXE ESQUERDA".-

Examinada-las actuacións realizadas no expediente de adxudicación, mediante Procedemento Negociado sen publicidade das obras de ***"AMPLIACIÓN DA RUTA DE AS ACEAS, MARXE ESQUERDA"***, incluídas no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e este Concello formalizado en data 1 de Decembro do 2.008, e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno Local sen sesión realizada o 3 de decembro do 2.008, aprobou o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas que rexen a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras de ***"AMPLIACIÓN DA RUTA DE AS ACEAS, MARXE ESQUERDA".***

SEGUNDO: Cumprimentando o disposto no artigo 162 en relación co 153.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de "Contratos do Sector Público" (en adiante LCSP) e apartado 10 en relación co epígrafe 6 do cadro de características do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, formuladas invitacións formais a tres

empresas consideradas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, feito do que se deixou constancia no expediente conforme ao previsto no artigo 162.5 da citada LCSP, formulouse oferta por parte das Empresas ***"CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L"*** e ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A".***

TERCEIRO: Posteriormente en data 12 de Decembro de 2.008, remítese oferta formulada pola Entidade ***"ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L",*** presentada fóra do prazo concedido ó efecto.

CUARTO: No expediente consta emitido en data 15 de decembro de 2.008, informe acerca da documentación incorporada polas empresas concurrentes á licitación nos termos que constan no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Á vista do informe emitido en relación coa documentación administrativa aportada no correspondente sobre A), de acordo co prevido na cláusula 12.1 do prego de Cláusulas Administrativas Particulares, 130 da LCSP, de Contratos do Sector Público e o apartado II) das Instruccións Xerais para a creación e acceso ao arquivo Documental de Empresas do Concello de Sarria, a documentación aportada polas Empresas ***"CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L"*** e ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A",*** considérase correcta en relación coa esixida no apartado 12.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, polo que procede a súa admisión, circunstancia que se corrobora coa incorporación da correspondente certificación actualizada expedida pola Xefa do Servizo do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma practicada de oficio.

SEGUNDO: Procedido ó acto de apertura do sobre B) correspondente á oferta económica das empresas licitadoras, as mesmas formulan os seguintes prezos de adxudicación:

1.- ***"CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L",*** quen formula oferta por importe de **200.000 €, (I.V.E., incluído)** e unhas melloras de obras por un precio de execución por contrata de **20.000 € (IVE incluído),** debidamente detallas e valoradas, e un prazo máximo de execución de 59 días naturais, debidamente detallado en programa de traballo e gráfico de inversións que achega.

2.- ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A",*** quen formula oferta por importe de **200.000 €, (I.V.E., incluído)** e unhas melloras de obras por un precio de execución por contrata de **20.000 € (IVE incluído),** debidamente detallas e valoradas, e un prazo máximo de execución de 50 días, debidamente detallado en programa de traballo e memoria de condicións ambientais que achega.

TERCEIRO: Desenvólvese a fase de negociación a traveso do procedemento sinalado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares nos termos en que se deixa constancia no expediente e con respecto ós principios de formalización documental, igualdade, non discriminación e transparencia segundo o previsto no artigo 162 da LCSP.

CUARTO: O artigo 153 da LCSP, establece que no Procedemento Negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elexido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

QUINTO: O artigo 135 da LCSP, dispón que a adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada e no procedemento negociado concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

Visto o que antecede, e o disposto na Disposición Adicional Segunda LCSP, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Declara-la validez do procedemento licitatorio.

2.- Declara-la admisión ó procedemento das empresas concorrentes á licitación correspondentes ás Entidades ***"CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L"*** e ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A".***

3.- Adxudicar provisionalmente, conforme ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e demáis extremos resultantes da negociación, o contrato das obras de ***"AMPLIACIÓN DA RUTA DE AS ACEAS, MARXE ESQUERDA",*** á empresa ***"OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.A",*** titular do C.I.F. nº A-15.016.207, ó considera-la citada oferta formulada, axustada ós criterios de negociación establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas, fixando o prezo do contrato en **172.413,79 € e 27.586,21 € de I.V.E.**

4.- Requerir ó adxudicatario provisional para que, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil do contratante do órgano de contratación, e, en todo caso, co límite máximo do ***31/12/08***, presente o documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva por importe de **8.620,69 €,** equivalente ó 5% do importe de adxudicación excluído o I.V.E, non resultando esixible a presentación da demáis documentación a que se refire o artigo 135.4 da LCSP e apartado 17 C) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares ó ter xa presentada tal xustificación e a súa vixencia.

5.- De conformidade co disposto polo artigo 135.3 da LCSP, notifica-la

presente resolución ós licitadores e publica-la adxudicación provisional no perfil do contratante do órgano de contratación, establecendo o prazo de cinco días hábiles a partires de tal publicación para facilitar tal información ós licitadores interesados sobor dos motivos de rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ó seu favor.

6.- Comunicar ó adxudicatario provisional, que o incumprimento da presentación da documentación requerida, ou outras condicións establecidas para elo, conlevará a improcedencia da súa adxudicación definitiva.

18.- LICENCIAS DE OBRAS:

A) "INVERPROTORRE, S.L" PARA CONSTRUCCIÓN DE 28 VIVENDAS UNIFAMILIARES EN VILASANTE (FONTAO).-

Vista a solicitude formulada por **"INVERPROTORRE, S.L",** titular do C.I.F. núm., B-27.356.302 e domicilio social na rúa Rías Baixas, 17-3º; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á construcción de 28 Vivendas Unifamiliares en Vilasante, s/n (Fontao), de acordo co proxecto básico redactado polos Arquitectos D. José Doncel Cerviño e D. Roberto López Piñeiro, e cun presuposto de 2.850.000 €; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou deixa-la pendente para un mellor estudio.

19.- LICENCIAS DE OBRAS DE ACTIVIDADES (RAMINP):

A) "A COSTIÑA, S.A.T" PARA AMPLIACIÓN DE ESTABLO PARA VACÚN DE LEITE E CONSTRUCCIÓN DE SILO FORRAXEIRO EN PERUSCALLO (BELANTE).-

Examinado o expediente tramitado a instancia de **"A COSTIÑA, S.A.T",** titular do C.I.F. núm., F-27.300.235 e domicilio a efectos de notificacións en Peruscallo (Belante), para proceder á ampliación de Establo para vacún de leite e construcción de silo forraxeiro en Peruscallo (Belante), e

<u>ANTECEDENTES DE FEITO</u>

PRIMEIRO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información

pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

SEGUNDO: Que elevado o expediente á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, a medio de escrito recibido en data 16 de Febreiro de 2.005, remítese informe favorable desde o punto de vista estríctamente sanitario a dita instalación.

TERCEIRO: Que tramitado o expediente segundo o especificado no artigo 41 da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro, en consoancia co previsto na Disposición Transitoria Undécima da citada Lei, ó atoparse a instalación pretendida dentro de Solo Rústico, remésase o expediente ó Servicio Provincial de Urbanismo, quen dicta resolución en data 9 de Setembro de 2.008, autorizando a instalación solicitada coas seguintes condicións:

1.- Ó amparo do establecido nos artigos 31.2 e) e 41.2 e), impóñense as seguintes medidas correctoras adicionais:

- *As construccións preexistentes que contan con licencia urbanística de data 4 de marzo de 2.003, e a instalación obxecto da presente autorización, deberán cumprir as esixencias legais no que se refire ós acabados, emprego de materiais e cores, polo que deberán ser enfoscadas e pintadas nos seus paramentos exteriores e darase tratamento vexetal mediante pantallas ós elementos da explotación que o requiran, de acordo co previsto no artigo 42 da Lei 9/2.002, para que sexan acordes coa paisaxe rural e coas construccións tradicionais do contorno.*

2.- De conformidade co previsto no artigo 42.1 e) da Lei 9/2.002, o interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construcción e uso autorizados, expresando a indivisabilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade que a continuación se relacionan:

- *Titular da finca: S.A.T. A Costiña*
- *Superficie da finca: 7.533 m^2*
- *Uso autorizado: Legalización de ampliación de corte para vacún de leite e construcción de silo forraxeiro*
- *Superficie edificable: 364,78 m^2 + 372,50 m^2*
- *Ocupación: 15 %*
- *Altura máxima: menor de 3,5 m.*
- *Recuado a vías: maior de 5 m*
- *Recuado a lindes: maior de 5 m.*

3.- Así mesmo, antes do inicio das obras e implantación do uso, o interesado achegará ó Concello, o xustificante da prestación das garantías que lle sexan esixidas por éste, para o cumprimento, de conformidade co establecido polo artigo 42.1 a), dos compromisos asumidos en orde a corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

4.- Deberanse de obter as licenzas municipais e demáis autorizacións e informes preceptivos, segundo o disposto na lexislación sectorial que sexa de aplicación.

5.- Consonte ó disposto no artigo 42.1.f) e g) da Lei 9/2.002, as obras iniciaranse nun prazo de 6 meses contados desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse no prazo máximo de tres anos, contando desde o outorgamento da licenza. Transcorridos os devanditos plazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia ó interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 da Lei 9/2.002.

CUARTO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de Lugo, este Organismo, con data 17 de Novembro de 2.008, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como *MOLESTA* pola producción de malos olores e *INSALUBRE E NOCIVA* polo risco de transmisión de enfermidades e de contaminación ou alteración das condicións de potabilidade das augas de abastecemento público ou privado; condicionado o informe ó cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, facendo constar que:

- Velarase polo cumprimento do preceptuado en:

  - **REBT** e os seus **ITC**^{S} (Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas Instruccións técnicas complementarias)

  - **N.B.E.-C.A/88** (Norma Básica da edificación, sobre condicións acústicas en edificios).

  - **Real Decreto 314/2006**, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de Edificación.

- Polo que se refire ós resíduos xerados terase en conta o seguinte ordenamento xurídico:

  - **Lei 10/1998**, de 21 de abril de resíduos.

- Si se realizan traballos de mantemento e/ou se xeneran resíduos catalogados como *PERIGOSOS* no centro onde se realiza a actividade e non en taller externo, cumprimentarase o seguinte ordenamento xurídico:

  - **Orde do Ministerio de Medio Ambiente 304/2002,** de 8 de febreiro, polo que se publican as operacións de valorización e eliminación de resíduos e a lista europea de resíduos.

  - **Decreto 174/2005,** de 9 de Xuño, polo que se regula o réxime xurídico da producción e xestión de resíduos e o Rexistro Xeral de Productores e Xestores de Resíduos de Galicia.

  - Os residuos como LAMAS DE DEPURACIÓN, PLÁSTICOS AGRÍCOLAS, PNEUMÁTICOS ELIMINADOS, deberán ser entregados ós seus correspondentes xestores autorizados. Estos residuos, ata a súa recollida, depositaranse en lugares que garanten a súa inmobilidade e seguridade, evitando contaminacións accidentais.

  - Os envases e residuos de ACEITES, GRAXAS, ABSORVENTES (TRAPOS SERRADURAS, ETC), ZOOSANITARIOS, FITOSANITARIOS e calquera outro que teña a consideración de residuo perigoso, deberá ser entregado ós seus correspondentes xestores autorizados, debéndose inscribir no Rexistro de Productores de Residuos Perigosos da Consellería de Medio Ambiente. Estos residuos, ata a súa recollida, depositaranse debidamente etiquetados, en lugares que garanticen a súa inmovilidade e seguridade, evitando contaminacións accidentais.

- En canto ás augas de abastecemento e residuais:

  - O Órgano de Bacía competente deberá autoriza-lo aproveitamento da auga de abastecemento procedente do pozo ou manantial, se non está legalizado; debendo garantir en todo momento a súa potabilidade.

  - Para a eliminación de augas de limpeza da sá de espera, sá ou circuito de muxidura e leitería, deberá instalar unha fosa séptica axustada ó disposto na NTE-ISD/1974, publicado no B.O.E. nº 14, de 16 de xaneiro, non podendo eliminarse a traves da fosa de zurro, por tanto, o Órgano de Bacía competente, deberá autoriza-

lo verquido procedente da fosa séptica.

- Todo elo en cumprimento do preceptuado no Regulamento de Dominio Público Hidráulico e no Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo de 2.001, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

- Polo que se refire ó Silo, disporase da correspondente medida correctora, que recolla e evite a saída incontrolada dos lixiviados xerados, debendo instalarse a unha distancia superior ós 20 mts de calquera pozo, manantial ou fonte autorizada. Os lixiviados poderán mesturarse co zurro nunha proporción mínima de 1:1 e utilizaranse como fertilizante. En ningún caso deberá chegar a un curso de auga.

- Ademáis terase en conta:

  - **Real Decreto 261/1996**, de 16 de Febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes das fontes agrarias.

  - A fosa de zurro, será aberta e impermeable, cercada e estará dimensionada para almacena-la producción de excretas e augas de lavado, durante 90 días como mínimo, dividida en dous compartimentos independentes.

  - Os cadáveres dos animais, eliminaranse de acordo ó establecido no **Regulamento (CE) nº 1774/2.002** do Parlamento Europeo e do Consello de 3 de outubro, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano e os seus posteriores desenvolvementos normativos.

  - En ningún caso poderán xerarse depósitos temporais de dexeccións, esterqueiras ou calquera foco de contaminación biótica, que non dispoña das correspondentes medidas de impermeabilización.

  - Dadas as limitadas dimensións da fosa de zurro e polo réxime pluviométrico da zona, deberá cubrir esta, para evitar o posible rebosamento da mesma.

- Deberá instalar e conservar zonas perimetrais a base de especies arbóreas e arbustivas autóctonas que mitiguen o impacto visual, ocultando especialmente os silos e a fosa de zurro, e actúen como atenuadoras de

posibles escorrentías e vertidos accidentais.

SEXTO: Que o lugar de emprazamento non está en contradicción coas Ordenanzas e acordos sobre o particular.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal), aplicable á instalación que se pretende realizar, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia".

SEGUNDO: Que é competencia desta Xunta de Goberno a concesión da licencia solicitada, de conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía nº 466/07, de data 2 de Xullo de 2.007, de delegación de atribucións.

Visto todo canto antecede e os informes obrantes no expediente; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

1.- Proceder á ***CONCESIÓN DA LICENCIA*** para a instalación solicitada, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que figuran no proxecto técnico e as que, nos seus informes sinalan a Comisión Provincial do Medio Ambiente de Lugo e o Sr. Aparellador Municipal, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras e instalacións, no que se especifique a conformidade das mesmas e das medidas correctoras adoptadas cos termos desta licencia.

2.- Proceder, segundo determina o artigo 196.2 da xa citada Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", á concesión da correspondente *licencia de obras de actividades*, coas condicións seguintes:

a) As obras axustaránse estríctamente ó proxecto técnico presentado, debendo notificar a este Concello o nome dos técnicos responsables da execución

das mesmas: Arquitecto e Arquitecto Técnico (artigos 12 e 13 da LOE), así como da adopción das medidas correctoras resinadas no proxecto. Con Certificación Final de obra que acredite que se adoptaron, requisito previo para a solicitude de licencia definitiva.

Así mesmo deberanse deberanse adopta-las medidas correctoras e especificacións relacionadas na autorización da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e na Licencia de Actividade Provisional.

b) Na obra colocarase en lugar visible o cartel co nome do promotor ou propietario, contratista, arquitecto, aparellador e/ou técnico responsable das obras e núm. da licencia.

c) Características constructivas:

- Ocupación máxima: 21,94 %
- Superficie da parcela: 7.533 m^2
- Edificabilidade máxima: 0,22

- *AMPLIACIÓN DE ESTABLO:*

- Altura máxima: 4,58 mts
- Volume: Unha planta
- Superficie das obras proxectadas: 360 m^2

- *CONSTRUCCIÓN DE SILO:*

- Altura máxima: 2,50 mts
- Volume: Unha planta
- Superficie das obras proxectadas: 372,50 m^2

d) Estímase o prazo de execución das obras: Iniciación: 6 meses
Terminación: 36 meses.

e) Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **1.460,41 €**

3.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

4.- Así mesmo, dar traslado do presente acordo ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Lugo, ós efectos oportunos.

B) DNA. FILOMENA ÁLVAREZ TRENCO PARA LEGALIZACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE PARA ALBERGUE EN VIGO DE SARRIA, 19.-

Examinado o expediente tramitado a instancia de **DNA. FILOMENA ÁLVAREZ TRENCO,** titular do D.N.I. núm., 33.168.557-G e domiciliada en Vigo de Sarria, 23 (Vilar de Sarria), para proceder á legalización de edificio existente para Albergue en Vigo de Sarria, 19 (Vilar de Sarria), e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

SEGUNDO: Que elevado o expediente á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, a medio de escrito recibido en data 19 de Outubro de 2.006, remítese informe favorable desde o punto de vista estríctamente sanitario a dita instalación.

TERCEIRO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de Lugo, este Organismo, con data 26 de Novembro de 2.008, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como *MOLESTA* pola producción de ruídos; condicionado o informe ó cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, facendo constar que:

- Velarase polo cumprimento do preceptuado en:

  - **REBT** e os seus **ITC^{S}** (Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas Instruccións técnicas complementarias)

  - **N.B.E.-C.A/88** (Norma Básica da edificación, sobre condicións acústicas en edificios).

- **Lei 7/97** de protección acústica, **Decreto 150/99**, de 7 de maio (Regulamento de Protección Acústica) e a Ordenanza Municipal en materia de ruídos.

- **N.B.E.-C.P.I./96** (Norma básica da edificación, sobre protección contra incendios en edificios) e percorridos de evacuación e sinalización dos mesmos.

- Polo que se refire á sanidade terase en conta o seguinte:

  - Instalaranse secamáns automáticos ou toalleiros dun só uso nos servizos hixiénicos de uso público.

- Polo que se refire ós resíduos xerados terase en conta o seguinte ordenamento xurídico:

  - **Lei 10/1998**, de 21 de abril de resíduos.

- En canto ó referente ós resíduos sólidos urbáns terase en conta:

  - **Lei 10/1997,** de 22 de agosto, de resíduos sólidos urbáns.

- Condiciónase o presente informe a que tanto o abastecemento da auga de consumo como a eliminación das augas procedentes do baño e cociña sexa polos servizos municipais.

CUARTO: Que o lugar de emprazamento non está en contradicción coas Ordenanzas e acordos sobre o particular.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal), aplicable á instalación que se pretende

realizar, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia".

SEGUNDO: Que é competencia desta Xunta de Goberno a concesión da licencia solicitada, de conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía nº 466/07, de data 2 de Xullo de 2.007, de delegación de atribucións.

Visto todo canto antecede e os informes obrantes no expediente; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

1.- Proceder á ***CONCESIÓN DA LICENCIA*** para a instalación solicitada, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que figuran no proxecto técnico e as que, nos seus informes sinalan a Comisión Provincial do Medio Ambiente de Lugo e o Sr. Aparellador Municipal, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras e instalacións, no que se especifique a conformidade das mesmas e das medidas correctoras adoptadas cos termos desta licencia.

2.- Proceder, segundo determina o artigo 196.2 da xa citada Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", á concesión da correspondente *licencia de obras de actividades*, coas condicións seguintes:

a) As obras axustaránse estríctamente ó proxecto técnico presentado, debendo notificar a este Concello o nome dos técnicos responsables da execución das mesmas: Arquitecto e Arquitecto Técnico (artigos 12 e 13 da LOE), así como da adopción das medidas correctoras resinadas no proxecto. Con Certificación Final de obra que acredite que se adoptaron, requisito previo para a solicitude de licencia definitiva. Dito final de obra deberá vir acompañado de Certificación por laboratorio homologado do cumprimento da normativa de ruidos.

Así mesmo deberanse deberanse adopta-las medidas correctoras e especificacións relacionadas na autorización da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e na Licencia de Actividade Provisional.

b) Na obra colocarase en lugar visible o cartel co nome do promotor ou propietario, contratista, arquitecto, aparellador e/ou técnico responsable das obras e núm. da licencia.

c) Estímase o prazo de execución das obras: 3 meses

d) Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **1.082,40 €**

3.- Notifica-lo presente acordo á interesada, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

4.- Así mesmo, dar traslado do presente acordo ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Lugo, ós efectos oportunos.

20.- EXPEDIENTES URBANISMO:

A) D. JOSÉ MANUEL DÍAZ PÉREZ PARA AMPLIACIÓN EN GRANXA DE VACÚN DE LEITE SITA EN FERREIROS.-

Examinado o expediente tramitado a instancia de **D. JOSÉ MANUEL DÍAZ PÉREZ,** titular do D.N.I. núm., 34.251.797-J e domicilio a efectos de notificacións en Ferreiros, para proceder a efectuar ampliación en granxa de vacún de leite sita en Ferreiros, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO, que segundo se desprende do informe técnico emitido, de acordo coas Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes neste Municipio, a construcción que se pretende atópase dentro de Solo Rústico e dentro dos usos previstos ou tolerados pola Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro, polo que deberá tramitarse o expediente segundo o especificado no artigo 41 da citada Lei.

SEGUNDO, que o expediente foi exposto ó público a medio de anuncios insertos no Diario "La Voz de Galicia", correspondente ó día 20 de Setembro de 2008, e no Taboleiro de Anuncios desta Entidade, en cumprimento do disposto no artigo 41.2 b) da citada Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, polo prazo de vinte días, sen que durante dito prazo se formulasen reclamacións ó respecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO, que a normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal), aplicable ós terreos onde se pretende a construcción, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro.

SEGUNDO, que de conformidade co informe técnico emitido, o proxecto presentado reúne os requisitos esixidos pola citada Lei 9/2.002, de 30 de Decembro.

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, á vista do plano de situación integrante do proxecto e en cumprimento ó disposto no artigo 41 da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", acorda:

1.- Informar favorablemente a mencionada instalación.

2.- Informar que, de acordo cos datos aportados no correspondente proxecto técnico (plano de situación e emprazamento), a construcción que se pretende non está comprendida dentro das áreas de protección, segundo Inventario do Patrimonio Histórico Artístico das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais; e tampouco se atopa dentro do contorno de protección do Camiño de Santiago.

3.- Segundo os datos aportados na memoria técnica, fichas de condicións urbanísticas, destino da mesma, etc, a construcción que se pretende cumpre coas condicións establecidas no artigo 42 da Lei 9/2.002.

4.- Remesa-lo expediente ó Servicio Provincial de Urbanismo, segundo se determina no artigo 41 da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro, en consoancia co establecido na Disposición Transitoria Undécima, que afecta a explotacións agropecuarias existentes en Núcleo Rural e Solo Rústico.

21.- LICENCIAS DE ACTIVIDADES (RAMINP):

A) DNA. Mª FÉ LIMERES LEMOS PARA ADAPTACIÓN DE LOCAL EXISTENTE PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS EN BARBADELO, 8.-

Examinado o expediente tramitado a instancia de **DNA. Mª FÉ LIMERES LEMOS;** interesando licencia municipal para proceder á instalación de Albergue Turístico de 1 Estrela en Barbadelo, 8, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: O proxecto foi admitido a trámite por Decreto da Alcaldía do día 29 de Xullo de 2.008.

SEGUNDO: Cumpríronse os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e incorporados os informes técnicos congruentes coa natureza da actividade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal), aplicable ós terreos onde se pretende a construcción, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia".

SEGUNDO: O proxecto presentado reúne os requisitos esixidos e a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade e a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental.

TERCEIRO: Ó obxecto de garanti-la salubridade, seguridade cidadana e a súa posible adecuación ó medio ambiente, deberanse adopta-las medidas correctoras de seguridade reflexadas no proxecto técnico.

CUARTO: Na zona ou nas súas proximidades non concorren outras actividades semellantes, xeneradoras de efectos aditivos.

Visto o que antecede, o Decreto 2416/61, de 30 de Novembro, e demáis disposicións de aplicación; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

1.- Informar favorablemente a concesión de licencia a **DNA. Mª FÉ LIMERES LEMOS;** para proceder á instalación de Albergue Turístico de 1 Estrela en Barbadelo, 8.

2.- Dar traslado do expediente ó Servicio de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente.

22.- LICENCIAS DEFINITIVAS ACTIVIDADES (ORDINARIAS):

A) DNA. CARMEN ALICIA SALCEDO MACÍAS PARA ESTABLECEMENTO DE CORTE-CONFECCIÓN DE ROUPA E LOCUTORIO NA RÚA PEDRO SACO, 29-BAIXO.-

Visto o expediente tramitado a instancia de **DNA. CARMEN ALICIA SALCEDO MACÍAS;** interesando licencia municipal de apertura para instalación de Establecemento de corte-confección de roupa e locutorio na rúa Pedro Saco, 29-Baixo, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Formulada a solicitude, ésta foi admitida a trámite.

SEGUNDO: No expediente constan os informes da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais de Lugo, sobre as condicións sanitarias e do Arquitecto Técnico Municipal sobre a solidez e seguridade das instalación, emitidos en sentido favorable.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Cumpríronse todo-los trámites exixidos, sendo compatible o uso pretendido coas normas urbanísticas de aplicación.

Cumpridos os trámites exixidos e resultando acreditado o dereito á licencia que se pretende, esta Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, de conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía nº 466/07, de data 2 de Xullo de 2.007, de delegación de atribucións**,** en consonancia coa correspondente Ordenanza, acorda:

1.- Proceder á concesión da licencia solicitada.

2.- Aproba-la liquidación das taxas municipais practicada polo Servicio de Intervención Municipal, que figura no expediente, cun importe que ascende á cantidade de **200,82 €.**

3.- Notifica-lo presente acordo á interesada, xunto coa liquidación practicada, coa expresión dos recursos que contra os mesmos procedan.

23.- LICENCIAS DE OBRAS MENORES.-

A) D. EMILIO PIÑEIRO LÓPEZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. EMILIO PIÑEIRO LÓPEZ,** titular do D.N.I. núm., 34.152.626-H e domicilio a efectos de notificacións na rúa Calvo Sotelo, 7-1º; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á substitución de ventás de 2º piso e pintado de fachadas de inmoble sito na rúa Calvo Sotelo, 7; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **140 €**
- Importe Taxa pola colocación de plataforma móbil: **29,75 €**

B) D. JULIO PAEZ CARBALLO.-

Vista a solicitude formulada por **D. JULIO PAEZ CARBALLO,** titular do D.N.I. núm., 37.770.162-E e domicilio a efectos de notificacións na rúa Goia, 27; interesando a concesión de licencia municipal para proceder ó pintado de fachada e substitución de baixantes de inmoble sito na rúa Goia, 27; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **30,88 €**

C) D. ANDRÉS GONZÁLEZ LÓPEZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. ANDRÉS GONZÁLEZ LÓPEZ,** titular do D.N.I. núm., 33.543.195-H e domicilio a efectos de notificacións na rúa Portomarín, 1-2º B; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á apertura de beirarrúa para conexión de desaugadoiros de inmoble sito na rúa Porvir, 12; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **7 €**

D) "PROMOCIONES SEIJAS FERNÁNDEZ, S.L".-

Vista a solicitude formulada por **"PROMOCIONES SEIJAS FERNÁNDEZ, S.L",** titular do C.I.F. núm., B-27312875 e domicilio social na rúa Calvo Sotelo, 199-5º F; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á apertura de zanxa de canalización de abastecemento de auga para edificio en construcción sito na rúa Calexa; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas e ás condicións da autorización do "Servizo de Vías e Obras" da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **12,75 €**

E) "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO RÚA MATÍAS LÓPEZ, 92.-

Vista a solicitude formulada pola **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO NA RÚA MATÍAS LÓPEZ, 92,** titular do C.I.F. núm., H-27.384.254 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Matías López, 92; interesando a concesión de licencia municipal para proceder ó pintado de fachadas e reparación por perigo de desprendemento de beirados e balcóns de inmoble sito na rúa Matías López, 92; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **58 €**
- Importe Taxa pola colocación de andamios: **60,10 €**

F) DNA. Mª SOL LÓPEZ SOMOZA.-

Vista a solicitude formulada por **DNA. Mª SOL LÓPEZ SOMOZA,** titular do D.N.I. núm., 76.615.873-K e domicilio a efectos de notificacións en Vilanova (S. Vicenzo de Froián); interesando a concesión de licencia municipal para proceder á modificación en trazado e ampliación de construcción de peche sanitario en granxa avícola sita en Vilanova (San Vicenzo de Froián); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Os peches terán que desplazarse un mínimo de 4 metros ó eixe da vía pública, ou 2 metros dende a arista da calzada, enfoscados e pintados con tonalidades claras por ámbalas dúas caras.

4.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **15,60 €**

G) D. JOSÉ LUIS GARCÍA GONZÁLEZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. JOSÉ LUIS GARCÍA GONZÁLEZ,** titular do D.N.I. núm., 76.616.440-J e domicilio a efectos de notificacións en Paseo do Malecón, 15-Baixo; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á substitución de ventás e portas de madeira por outras de aluminio en local sito no Paseo do Malecón, 15-Baixo; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **32,88 €**

H) COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIF. RÚA PEDRO SACO, 34.-

Vista a solicitude formulada por **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO RÚA PEDRO SACO, 34,** titular do C.I.F. núm., H-27233188 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Pedro Saco, 34; interesando a concesión de licencia municipal para proceder ó illamento lateral de fachada de inmoble sito na rúa Pedro Saco, 34; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **57 €**
- Importe Taxa pola colocación de plataforma móbil: **29,75 €**

I) D. RAMIRO SERRANO LÓPEZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. RAMIRO SERRANO LÓPEZ,** titular do D.N.I. núm., 34.194.472-G e domicilio a efectos de notificacións en Vigo de Sarria, 118 (Vilar de Sarria); interesando a concesión de licencia municipal para proceder á legalización de reforma de fachada de inmoble sito en Vigo de Sarria, 118 (Vilar de Sarria); e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: No expediente consta aportada denuncia formulada pola Policía Autonómica en data 11/03/07, pola realización de obras de rehabilitación de fachada de vivenda sita en Vigo de Sarria, 118 (Vilar de Sarria), sen contar coa preceptiva licencia urbanística.

SEGUNDO: Polo interesado, en data 12/04/07, procédese á solicitude da preceptiva licencia municipal para a realización das citadas obras.

TERCEIRO: Por este Concello, en data 28 de Xuño de 2.007, procédese a efectuar requerimento ó interesado para que proceda, de conformidade co informe técnico emitido en data 27/06/07, á aportación do correspondente proxecto técnico de legalización das obras solicitadas; procedendo o interesado a dar cumprimento ó requerimento efectuado, en data 30/10/07, coa aportación do citado proxecto técnico.

CUARTO: Así mesmo, na citada data do 28/06/07, pola Consellería de Cultura e Deporte, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural", procédese á remisión a este Concello de escrito solicitando a emisión de informe ó respecto da realización das citadas obras, sen contar coa preceptiva autorización do citado Organismo.

QUINTO: A medio de Decreto da Alcaldía de data 19 de Decembro de 2.007, procédese á incoación do oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas mencionadas obras.

SEXTO: Por este Concello, en data 22/01/08, procédese á remisión do expediente de obras que se está a tramitar ó efecto de solicita-la preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; procedendo dito Organismo a medio de resolución dictada en data 26 de maio de 2.008, á non autorización da solicitude formulada, instando ó interesado á presentación dunha nova proposta de acordo coas directrices fixadas por ese Organismo na mencionada resolución dictada.

SÉTIMO: En data 20 de Agosto de 2.008, por este Concello procédese á remisión á Consellería de Cultura e Deporte, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural", documentación aportada polo interesado ó efecto de continua-la tramitación do expediente referenciado.

OITAVO: Pola citada Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, remítense escritos a este Concello en datas 01/10/08 e 08/10/08, reiterando novamente informe ó respecto do expediente referenciado; procedendo este Concello en data 02/10/08 á comunicación a dito Organismo do estado de tramitación do mesmo.

NOVENO: No expediente consta aportada resolución da Consellería de Cultura e Deporte, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural", de data 20 de Novembro de 2.008, pola que se procede á autorización das obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística aplicable no presente caso é: Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada polas Leis 15/2.004, de 29 de Decembro e 6/2.008, de 19 de Xuño, respectivamente; Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial, Decreto 28/1.999, de 21 de Xaneiro, polo que se aproba o "Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia", Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais; así como a demáis normativa de aplicación.

SEGUNDO: No expediente consta emitido en data 15/01/08, informe técnico ó respecto, no que se fai consta-lo seguinte:

"1º.- La solicitud de proyecto de legalización de fachada de edificio existente, según documentación presentada al efecto, y en relación con lo dispuesto en la Ley 9/2.002, de 30 de Diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, modificada por la Ley 15/2004, de 29 de Diciembre, y Normas Subsidiarias del Ayuntamiento de Sarria, el técnico que suscribe y dentro de la materia de su competencia, entiende que, las obras solicitadas se adecuan al proyecto técnico presentado, por lo que cumplen, condicionado a las preceptivas autorizaciónes de los organismos que sean motivos de su competencia."

Á vista de canto antecede; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- De conformidade co informe técnico emitido ó respecto da adecuación das obras solicitadas co proxecto técnico presentado e á normativa urbanística de aplicación, declarar restaurada a legalidade urbanística vulnerada por *D. RAMIRO SERRANO LÓPEZ*, procedendo así mesmo, ó arquivo do expediente incoado de reposición da legalidade urbanística en relación coas citadas obras.

2.- Proceder á concesión da licencia solicitada por **D. RAMIRO SERRANO LÓPEZ,** para legalización de reforma de fachada de inmoble sito en Vigo de Sarria, 118 (Vilar de Sarria), ó considerarse restaurada a legalidade urbanística, e de conformidade coas seguintes condicións:

a) As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas e ás condicións da autorización da Consellería de Cultura e Deporte, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural".

b) Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

c) Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **254,60 €**

3.- Notifica-lo presente acordo ó interesado coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

24.- CAMBIO TITULARIDADE EXPEDIENTES ACTIVIDADES (ORDINARIAS):

A) "COCHESUBASTA, S.L".-

Vista a solicitude presentada por **D. JAVIER ÁLVAREZ LÓPEZ, EN REPRESENTACIÓN "COCHESUBASTA, S.L";** interesando a transmisión da licencia municipal de apertura de establecemento adicado a Compra-Venda de vehículos usados en Lousadela, e na que figuraba como titular *DNA. ÁNGELA PERAL MONSALVE,* e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Acredítase fehacientemente a obligación formal dos intervintes de comunicar a este Concello o cambio de titularidade.

SEGUNDO: O establecemento conta coa preceptiva licencia municipal definitiva de actividades ordinarias, concedida por Resolución de Alcaldía de data 13 de Maio de 1.998.

TERCEIRO: No expediente consta o informe técnico preceptivo sobor da solidez e seguridade da instalación, emitido en sentido favorable.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Cumpríronse tódolos trámites exixidos, sendo compatible o uso pretendido coas normas urbanísticas de aplicación.

Visto o disposto no artigo 13 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, art. 41.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, de 28 de Novembro de 1986 e demáis disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Autoriza-la transmisión solicitada, sen prexuizo das restantes autorizacións que, no seu caso, correspondan outorgar a outros Organismos.

2.- Expedi-la correspondente licencia municipal a favor do novo titular.

3.- Aproba-la liquidación das taxas municipais, practicada polo Servicio de Intervención Municipal, que figura no expediente, cun importe que ascende á cantidade de **90,15 €.**

3.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

25.- LICENCIAS DE 1ª UTILIZACIÓN:

A) D. ANTONIO RIVERA LAGO.-

Vista a solicitude formulada por **D. ANTONIO RIVERA LAGO,** titular do D.N.I. núm., 34.218.098-D e domiciliado na rúa Gran Vía, 36-3º C; a medio do cal solicita a expedición de licencia de 1ª utilización para Edificio para dúas vivendas na rúa Asunción, 16; para o que conta coa preceptiva licencia municipal outorgada por esta Xunta de Goberno en sesión de data 17-12-04 (proxecto básico e de execución); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, vista a documentación aportada polo interesado e o informe favorable emitido polo Sr. Aparellador Municipal, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e proceder á expedición da mencionada licencia.

2.- Establécese como taxa pola expedición da licencia, de acordo co artigo 3.2 da Ordenanza Fiscal nº 22, a cantidade de **160,64 €.**

B) "CARTIMAR 99, S.L".-

Vista a solicitude formulada por **"CARTIMAR 99, S.L",** titular do C.I.F. núm., B-62.037.304 e domicilio social na rúa Pascual Veiga, 4; a medio do cal solicita a expedición de licencia de 1ª utilización para Edificio de planta sótano, planta baixa, 5 plantas altas e ático para 24 Vivendas na rúa Benigno Quiroga, 7-11; para o que conta coas preceptivas licencias municipais outorgadas por esta Xunta de Goberno en sesións de data 13-09-06 (proxecto básico), 23-11-06 (proxecto execución) e 24-10-07 (proxecto reformado de básico e de execución); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, vista a documentación aportada polo interesado e o informe favorable emitido polo Sr. Aparellador Municipal, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e proceder á expedición da mencionada licencia.

2.- Establécese como taxa pola expedición da licencia, de acordo co artigo 3.2 da Ordenanza Fiscal nº 22, a cantidade de **1.458,78 €.**

C) "SARRICASA 2.005, S.L".-

Vista a solicitude formulada por **"SARRICASA 2.005, S.L",** titular do C.I.F. núm., B-27.327.626 e domicilio social na Rúa Nova, 14; a medio do cal solicita a expedición de licencia de 1ª utilización para Edificio de planta baixa, entreplanta, 4 plantas altas, ático e baixocuberta para 18 Vivendas na rúa Formigueiros, 101-103; para o que conta coas preceptivas licencias municipais outorgadas por esta Xunta de Goberno en sesións de data 07-06-06 (proxecto básico) e 24-10-07 (proxecto execución); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, vista a documentación aportada polo interesado e o informe favorable emitido polo Sr. Aparellador Municipal, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e proceder á expedición da mencionada licencia.

2.- Establécese como taxa pola expedición da licencia, de acordo co artigo 3.2 da Ordenanza Fiscal nº 22, a cantidade de **690 €.**

D) "PROMOSAR 2.006, S.L".-

Vista a solicitude formulada por **"PROMOSAR 2.006, S.L",** titular do C.I.F. núm., B-27.343.136 e domicilio social na Rúa Nova, 80-Entlo; a medio do cal solicita a expedición de licencia de 1ª utilización para Edificio de planta sótano,

planta baixa, entreplanta, 5 plantas altas e ático para 12 Vivendas na rúa Matías López, 74-76; para o que conta coas preceptivas licencias municipais outorgadas por esta Xunta de Goberno en sesións de data 27-12-06 (proxecto básico) e 13-02-08 (proxecto execución); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, vista a documentación aportada polo interesado e o informe favorable emitido polo Sr. Aparellador Municipal, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e proceder á expedición da mencionada licencia.

2.- Establécese como taxa pola expedición da licencia, de acordo co artigo 3.2 da Ordenanza Fiscal nº 22, a cantidade de **951,26 €.**

26. - SOLICITUDES PRÓRROGAS DE LICENCIAS:

A) D. ALBINO MOURÍN LÓPEZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. ALBINO MOURÍN LÓPEZ,** titular do D.N.I. nº 34.216.626-D e domicilio a efectos de notificacións na rúa Goia, 33-2º; interesando a concesión dunha prórroga de licencia de obras para proceder á realización de obras de substitución de uralita por pizarra en cuberta de garaxe de vivenda sita en Corbelle, 10; e para o cal conta coa licencia concedida pola Xunta de Goberno, en sesión de data 30-01-08; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- De conformidade co disposto no artigo 197.2 da Lei 9/2.002, de de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro, acceder ó solicitado, concedendo unha prórroga dos prazos da licencia mencionada por unha soa vez e por un prazo de 3 meses.

2.- Notifica-lo presente acordo ó interesado coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

27.- DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS:

A) "MORTEROS LUGO, S.L".-

Vista a solicitude formulada por **D. JOSÉ DONCEL CERVIÑO, EN REPRESENTACIÓN DE "MORTEROS LUGO, S.L",** titular do D.N.I. núm.,

33.850.004-F e domicilio social en San Juan de Muro, s/n (Láncara); interesando a devolución de fianza depositada en garantía da conservación da urbanización con motivo da instalación de dous silos de morteiro seco para uso de obra de construcción sita nas rúas Formigueiros, 64-68 e rúa Pascual Veiga, 11-21; a Xunta de Goberno, visto ó informe técnico favorable emitido ó respecto, en votación ordinaria por unanimidade, acordou acceder ó solicitado.

28.- CERTIFICACIÓNS URBANÍSTICAS:

A) "GESVALT SOCIEDAD TASACIÓN, S.A".-

Visto o escrito formulado por **"GESVALT SOCIEDAD TASACIÓN, S.A",** titular do C.I.F. nº A-80.884.372 e domicilio social na rúa Principe, 13-1º B de Vigo; interesando a expedición de certificación urbanística de parcela 86 do polígono 55 do catastro de rústica, sita en Aguiada (Calvor); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico emitido ó respecto, acordou acceder ó solicitado e expedi-la seguinte certificación:

- Para as parcela 86 do polígono 55, cunha superficie catastral de 6.508 m^2 (segundo plano adxunto e ortofoto do sixpac), correspóndelle *Solo Non Urbanizable Nuclear (SNU/N) ou Solo de Núcleo Rural*; denominación segundo a Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia" e a súa modificación 15/2004 de 29 de Decembro.

Non obstante, cabe resaltar, que a calificación urbanística das parcelas anteriores, fíxose en base ó plano de situación presente no Planeamento Urbanístico vixente do Concello de Sarria e en base ó plano catastral, de xeito que para unha ubicación exacta das fincas sería necesario un estudio máis completo onde iría incluído un replanteo de ditas fincas co seu correspondente levantamento topográfico, asinado por técnico competente para a realización de dito proxecto.

- Para a parcela solicitada, con superficie afectada por Solo de Núcleo Rural, a lexislación e normativa urbanística de aplicación é: A normativa que se aplica está de acordo coa Circular 3/2003, do 30 de Xullo, sobre réxime de autorizacións en núcleo rural, Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia" (DOGA nº 252, de 31 de Decembro de 2.002), Lei 15/2004, de 29 de Decembro, de modificación da Lei 9/2.002 (DOGA nº 254, de 31 de Decembro de 2.004), Lei 6/2007, de 11 de Maio, de "Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia", a última modificación Lei 6/2008, do 19 de Xuño, de "Medidas urxentes en materia de

vivenda e solo", pola que se modifica a Lei 9/2.002, do 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia" e Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais (BOP nº 204, de 8 de Setembro de 1.981), modificadas en data 30 de Xullo de 1.986 (BOP nº 285, de 13 de Decembro de 1.986).

A normativa a aplicar é a correspondente ós artigos 25 ó 29 da Sección 3 correspondente á Ordenanza en Núcleos Rurais dentro da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro e as súa modificación 15/2004 de 29 de Decembro, e coa Ordenanza 6.5 correspondente ás Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais.

Segundo a Lei 3/1996, do 10 de Maio, de "Protección de Camiños de Santiago", Disposición Primeira, e segundo a Resolución de 12 de Novembro de 1.992, da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura, pola que se concreta e define a delimitación do conxunto histórico do Camiño de Santiago (Camiño Francés), as actuacións que se leven a cabo dentro da parcela de referencia estarán afectadas pola zona de protección do Camiño de Santiago, polo que estarán suxetas á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio.

Segundo as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial, no lugar de Aguiada da parroquia de Calvor aparecen obras incluídas dentro do Inventario de Patrimonio Histórico-Artístico do Concello de Sarria, polo que se terá en conta para futuras actuacións que se leven a cabo dentro da parcela de referencia, a área de protección onde se necesitará autorización da Consellería de Cultura e Deporte.

29.- SOLICITUDES ANULACIÓN DE FIANZAS:

A) "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A".-

Visto o escrito formulado por **"UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A",** titular do C.I.F. núm., A-82153834 e domicilio social en Avda. Arteixo, 171 de A Coruña; interesando a anulación de fianza imposta para responder da reposición da pavimentación con motivo da concesión de licencia por esta Xunta de Goberno en sesión de data 12/03/08 para proceder á instalación de *L.M.T.S, C.T e R.B.T.S na rúa Formigueiros*, toda vez que a apertura da correspondente zanxa xa foi executada pola Empresa promotora do Edificio para o que se solicita o citado subministro eléctrico, sen ocasionar dano algún á pavimentación da rúa; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable emitido, acordou acceder ó solicitado.

30.- RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR D. JOSÉ LUIS ARMESTO VALIÑA CONTRA DENEGACIÓN DE LICENCIA DE PECHE DE FINCA EN DATA 18/06/08.-

Visto o **RECURSO DE REPOSICIÓN** formulado por **D. JOSÉ LUIS ARMESTO VALIÑA**, contra acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xuño do 2.008, notificado en data 31 de outubro do 2.008, a medio do que se procedía á denegación de licencia de construcción parcial de peche diáfano en finca denominada *"SOUTO DE VILLARRAIRO"*, e a efectuar requerimento ó interesado para demolición do mesmo no prazo de tres meses, e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: O recurso de reposición fundaméntase substancialmente no seguinte:

- Polo que respecta ó apartado 2º e 3º do referido acordo, estímase que non se axusta a dereito ó considerar se produciu a caducidade do procedemento de reposición da legalidade urbanística por incumprimento do prazo previsto no artigo 209.4 da LOUGA, sendo a consecuencia de tal caducidade o arquivo das actuacións conforme determina o artigo 44.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

- Por outra banda, no que respecta á denegación da licencia atópase nunha indefensión para determinar cal é a solución máis axeitada "dende o punto de vista arquitectónico e de protección do patrimonio", pois en ningunha das resolucións se establece como teñen que ser esas condicións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: O formulante do recurso de reposición, considérase lexitimado para a súa interposición conforme determina o artigo 107.1 da Lei 30/1992, de 30 de novembro, do "Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común".

SEGUNDO: O artigo 116 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de "Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común", dispón que *"os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os dictara*

ou ser impugnados directamente ante a orden xurisdiccional contencioso-administrativa".

TERCEIRO: Non cabe estima-las alegacións en base ás seguintes consideracións:

- En primeiro lugar, no que se refire á denegación da licencia, as mesmas non desvirtúan os fundamentos técnicos e xurídicos en que se fundamenta a resolución impugnada, por canto a licencia denégase en base á non autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que resulta preceptiva ó abeiro da normativa citada no referido acordo, e como se recolle na propia resolución de 26 de maio do 2.008, as obras realizadas non resultan legalizables tal como se reflicte no propio informe técnico municipal (... non cumplen parcialmente a distancia mínima de 4 metros ó eixo da vía pública e non se axustan ás condicións impostas pola Consellería de Cultura), condicións que á súa vez se reflectían na resolución de 9 de Xullo do 2.007. É dicir queda debidamente constatado, á vista dos fundamentos técnicos citados, as causas de incumplimento da normativa aplicable. En todo caso e de estimarse que se producía indefensión para determinar cal é a solución máis axeitada, considérase que debería recurrirse a resolución da citada Dirección Xeral.

  Por outra banda, e tendo en conta que nos atopamos diante dunhas obras xa executadas sen licencia nen autorización previa da Dirección Xeral, o proxecto de legalización non pode ser algo abstracto senón que debe refrexa-la realidade constructiva xa existente, de tal forma que se algo do xa construído non se axusta á legalidade resulta imprescindible que se contemple a súa demolición (así o recoñece, entroutras a Sentencia 529/2004, da Sá do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 24 de Xuño).

- Resulta, así mesmo, inadmisible o contido no que se prantexa a caducidade do procedemento, por canto se bén é certo que o artigo 209.4 da LOUGA, prevé un prazo de un ano para a súa resolución dende o acordo de iniciación, non hai que esquecer que neste caso, en medio prantexouse polo interesado a solicitude de legalización da actuación executada sen licencia, polo que aínda que a lei non o diga, o prazo de caducidade é subsceptible de suspensión pola pendencia de procedementos xudiciais ou administrativos (neste caso a tramitación do procedemento de legalización), en base ó máis elemental principio de prudencia e proporcionalidade, polo que a propia Lei vincula a acción de restauración da legalidade urbanística

á posible legalización ou non da construcción, e sendo esta acción de restauración da legalidade tamén unha acción subsidiaria en defecto de actuación voluntaria a realizar polo interesado, cando este manifesta a súa intención de cumprir con esa legalidade (neste caso tratar voluntariamente de legaliza-la construcción), atopámonos cun acto propio con efectos vinculantes para o administrado en base ó principio da boa fe e confianza lexítima que impera as relacións administrativas. A corrente antiformalista sobor da posibilidade de suspensión de ditos prazos de caducidade foi recollida polo Tribunal Supremo (entroustras STS de 22-9-1991 e 30-5-1992), que veñen admitindo, en relación ó prazo de prescripción, que non pode ser entendido e aplicado dunha forma tan absoluta que non permita ponderadas e racionais interrupcións.

En base a tales fundamentos, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

1.- Desestimar expresamente o recurso de reposición formulado por **D. JOSÉ LUIS ARMESTO VALIÑA**, contra acordo da Xunta de Goberno de data 18 de Xuño do 2.008 e notificado en data 31 de outubro do 2.008, a medio do que se procedía á denegación de licencia de construcción parcial de peche diáfano en finca denominada *"SOUTO DE VILLARRAIRO"*, e a efectuar requerimento ó interesado para demolición do mesmo no prazo de tres meses, mantenido o citado acordo de data 18/06/08 nos seus propios termos.

2.- Requerir novamente ó interesado para que, no prazo de tres meses, proceda á demolición das obras executadas sen a preceptiva licencia municipal (construcción parcial de peche diáfano en finca denominada "Vilar" ou "Souto de Vilarairo" (Pol. 10, Parc. 453 do catastro de rústica do Concello de Sarria), sita en Vilar (S. Salvador de Vilar de Sarria), coa advertencia de que, en caso de incumprimento do referido no apartado anterior, procederase por este Concello á súa execución forzosa, ben mediante execución subsidiarias por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata logra-la execución, polo suxeto obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de "Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común".

3.- Notifica-lo presente acordo ó interesado coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

31.- ESCRITOS REFERENTE Á EXPEDICIÓN DE CERTIFICADOS DE INEXISTENCIA DE EXPEDIENTES DE REPOSICIÓN DA

LEGALIDADE URBANÍSTICA REFERIDOS A EDIFICACIÓNS:

A) D. JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ.-

Visto o escrito formulado por **D. JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ**, titular do D.N.I. nº 09.924.465-B e domicilio a efectos de notificacións en rúa da Estación, 104 de Oural (Chorente); interesando a expedición de certificación relativa á inexistencia de expediente de reposición da legalidade urbanística incoado con respecto a edificacións descritas na certificación técnica emitida polo Arquitecto Técnico D. José Manuel González Parga, de data 4 de Decembro de 2.008, e emprazadas na finca sinalada co nº 104 da rúa da Estación de Oural (Chorente); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe xurídico emitido ó respecto, acordou expedi-la seguinte certificación:

1.- Que consultado-los antecedentes obrantes neste Concello, non consta que no período comprendido entre o 1 de Xaneiro de 2002 e o 11 de Decembro de 2008, se dictase acordo expreso de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística, referido a edificacións descritas na certificación técnica aportada no expediente e emprazadas na finca sinalada co nº 104 da rúa da Estación de Oural (Chorente).

B) DNA. EVA QUIROGA LÓPEZ.-

Visto o escrito formulado por **DNA. EVA QUIROGA LÓPEZ**, titular do D.N.I. nº 34.262.173-Q e domicilio a efectos de notificacións en Céltigos, 41 (Santiago da Veiga); interesando a expedición de certificación relativa á inexistencia de expediente de reposición da legalidade urbanística incoado con respecto a edificacións descritas na certificación técnica emitida polo Arquitecto Técnico D. José Manuel González Parga, de data 10 de Decembro de 2.008, e emprazadas na finca sinalada co nº 41 de Céltigos (Santiago da Veiga); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe xurídico emitido ó respecto, acordou expedi-la seguinte certificación:

1.- Que consultado-los antecedentes obrantes neste Concello, non consta que no período comprendido entre o 1 de Xaneiro de 2002 e o 12 de Decembro de 2008, se dictase acordo expreso de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística, referido a edificacións descritas na certificación técnica aportada no expediente e emprazadas na finca sinalada co nº 41 de Céltigos (Santiago da Veiga).

C) D. JESÚS LÓPEZ LÓPEZ.-

Visto o escrito formulado por **D. JESÚS LÓPEZ LÓPEZ**, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Devesa, 76 de Oural (Chorente); interesando a expedición de certificación relativa á inexistencia de expediente de reposición da legalidade urbanística incoado con respecto a edificacións descritas na certificación técnica emitida polo Arquitecto Técnico D. José Manuel González Parga, de data 4 de Decembro de 2.008, e emprazadas na finca sinalada co nº 76 da rúa Devesa de Oural (Chorente); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe xurídico emitido ó respecto, acordou expedi-la seguinte certificación:

1.- Que consultado-los antecedentes obrantes neste Concello, non consta que no período comprendido entre o 1 de Xaneiro de 2002 e o 11 de Decembro de 2008, se dictase acordo expreso de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística, referido a edificacións descritas na certificación técnica aportada no expediente e emprazadas na finca sinalada co nº 76 da rúa Devesa de Oural (Chorente).

D) D. MANUEL LÓPEZ LOSADA.-

Visto o escrito formulado por **D. MANUEL LÓPEZ LOSADA**, titular do D.N.I. nº 34.248.899-J e domicilio a efectos de notificacións en Goimil, 17 (Seteventos); interesando a expedición de certificación relativa á inexistencia de expediente de reposición da legalidade urbanística incoado con respecto a edificacións descritas na certificación técnica emitida polo Arquitecto Técnico D. José Manuel González Parga, de data 15 de Decembro de 2.008, e emprazadas na finca sinalada co nº 17 de Goimil (Seteventos); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe xurídico emitido ó respecto, acordou expedi-la seguinte certificación:

1.- Que consultado-los antecedentes obrantes neste Concello, non consta que no período comprendido entre o 1 de Xaneiro de 2002 e o 15 de Decembro de 2008, se dictase acordo expreso de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística, referido a edificacións descritas na certificación técnica aportada no expediente e emprazadas na finca sinalada co nº 17 de Goimil (Seteventos).

32.- SERVIZO DE AUGAS.-

Visto o escrito remesado por **"ESPINA Y DELFÍN, S.L",** Empresa Adxudicataria do Servicio Municipal de Augas; a medio do que anexan relación nominal con nº de rexistro 10.141 de data 16/12/08, correspondente a solicitudes

formuladas por veciños deste Concello interesando autorización para proceder ó enganche de auga á Rede Xeral deste Concello, así como as baixas e cambios de titularidade producidos no Servizo.

A Xunta de Goberno, vista a documentación obrante no expediente, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Autoriza-las solicitudes de *altas* no Servizo Municipal de Augas, previa formalización de contrato e colocación dunha chave de paso colocada na vía pública que manexará soamente o "Servicio", salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e pago dos dereitos municipais correspondentes, para os usos e domicilios indicados na relación que se adxunta pola Empresa concesionaria.

2.- Dar de *baixa* no Servizo de Abastecemento de auga potable e saneamento ós aboados que figuran na relación presentada.

3.- Proceder ó *cambio de titularidade* dos enganches ó Servicio de Abastecemento de Auga potable e saneamento indicados no anexo adxuntado.

33.- VAOS PERMANENTES.-

Vistas as solicitudes formuladas para a **Baixa** no Padrón de Vaos Permanentes de Placas concedidas para locais destinados a garaxes; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, previa entrega das correspondentes Placas na oficina de Recadación deste Concello, acordou proceder á baixa das seguintes e polo que respecta ós titulares e lugares que a continuación se indican:

TITULAR	*SITUACION*	*Nº PLACA*
LUIS Mª DÍAZ MÉNDEZ	**Calvo Sotelo, 198**	**439**

34.- SOLICITUDES LICENCIAS APARCAMENTO ESPECIAL DE MINUSVÁLIDO.-

A) D. TOMÁS ALONSO PÉREZ.-

Visto o escrito formulado por **D. MANUEL ALONSO PÉREZ, EN REPRESENTACIÓN DO SEU IRMÁN, D. TOMÁS ALONSO PÉREZ,** titular

do D.N.I. núm. 34.324.735-N e domiciliado na rúa Greco, 6-3º A; a medio do cal solicita a renovación de tarxeta de aparcamento especial por minusválido, concedida pola Xunta de Goberno de data 23 de Novembro de 2.006 para o vehículo marca FORD FOCUS 1.6 SEDAN e matrícula LU-0352-X, do que será conductor habitual o seu irmán, *D. MANUEL ALONSO PÉREZ*; a Xunta de Goberno, de conformidade coa Ordenanza Reguladora da expedición de tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida e á vista da documentación obrante no expediente, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Á vista de que concurren as mesmas circunstancias que motivaron a concesión inicial e se deu cumprimento ós requisitos esixidos na correspondente Ordenanza Reguladora, acceder ó solicitado e expedi-la correspondente tarxeta de aparcamento especial por minusválido para o vehículo marca FORD FOCUS 1.6 SEDAN e matrícula LU-0352-X, de acordo coas seguintes condicións:

- A tarxeta será persoal e intransferible e acreditará ó seu titular para o disfrute dos dereitos e facilidades no aparcamento e estacionamento para as persoas con mobilidade reducida.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ó seu titular que o vehículo ocupe unha das prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida nos lugares sinalados a tal efecto.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ós seus titulares estacionar os vehículos sen limitación de tempo naqueles lugares con tempo limitado.

- A tarxeta de aparcamento será válida en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A tarxeta de aparcamento poderá utilizarse en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta e non do vehículo.

- A tarxeta de aparcamento axustada ó modelo oficial establecido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia deberá colocarse nun lugar ben visible do vehículo.

2.- A presente autorización ten carácter definitivo, agás varíen as circunstancias do solicitante ou se proceda á modificación das características da tarxeta polo Órgano competente da Comunidade Autónoma.

B) D. JOSÉ POMBO MOURELO.-

Visto o escrito formulado por **D. JOSÉ POMBO MOURELO,** titular do D.N.I. núm. 34.218.165-F e domiciliado na rúa San Eufrasio, 14-16, 4º C; a medio do cal solicita a renovación de tarxeta de aparcamento especial por minusválido, concedida pola Xunta de Goberno de data 12 de Maio de 2.004 para o vehículo marca PEUGEOT 106 MIDNIGHT 1.5 e matrícula LU-3450-S; a Xunta de Goberno, de conformidade coa Ordenanza Reguladora da expedición de tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida e á vista da documentación obrante no expediente, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Á vista de que concurren as mesmas circunstancias que motivaron a concesión inicial e se deu cumprimento ós requisitos esixidos na correspondente Ordenanza Reguladora, acceder ó solicitado e expedi-la correspondente tarxeta de aparcamento especial por minusválido para o vehículo marca PEUGEOT 106 MIDNIGHT 1.5 e matrícula LU-3450-S, de acordo coas seguintes condicións:

- A tarxeta será persoal e intransferible e acreditará ó seu titular para o disfrute dos dereitos e facilidades no aparcamento e estacionamento para as persoas con mobilidade reducida.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ó seu titular que o vehículo ocupe unha das prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida nos lugares sinalados a tal efecto.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ós seus titulares estacionar os vehículos sen limitación de tempo naqueles lugares con tempo limitado.

- A tarxeta de aparcamento será válida en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A tarxeta de aparcamento poderá utilizarse en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta e non do vehículo.

- A tarxeta de aparcamento axustada ó modelo oficial establecido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia deberá colocarse nun lugar ben visible do vehículo.

2.- A presente autorización ten carácter definitivo, agás varíen as circunstancias do solicitante ou se proceda á modificación das características da tarxeta polo Órgano competente da Comunidade Autónoma.

C) DNA. SARAY RÍO RUBIO.-

Visto o escrito formulado por **DNA. Mª INÉS RUBIO LÓPEZ, EN REPRESENTACIÓN DA SÚA FILLA DNA. SARAY RÍO RUBIO,** titular do D.N.I. núm. 34.262.753-K e domiciliadas na Travesía Río Celeiro, 1-5º Esquerda; a medio do cal solicita a expedición de tarxeta de aparcamento especial por minusválido para o vehículo marca CITROEN XANTIA 1.9 T.D e matrícula LU-7753-T, do que será conductora habitual a súa nai, *DNA. Mª INÉS RUBIO LÓPEZ*; a Xunta de Goberno, de conformidade coa Ordenanza Reguladora da expedición de tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida e á vista da documentación obrante no expediente, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e expedi-la correspondente tarxeta de aparcamento especial por minusválido, de acordo coas seguintes condicións:

- A tarxeta será persoal e intransferible e acreditará ó seu titular para o disfrute dos dereitos e facilidades no aparcamento e estacionamento para as persoas con mobilidade reducida.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ó seu titular que o vehículo ocupe unha das prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida nos lugares sinalados a tal efecto.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ós seus titulares estacionar os vehículos sen limitación de tempo naqueles lugares con tempo limitado.

- A tarxeta de aparcamento será válida en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A tarxeta de aparcamento poderá utilizarse en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta e non do vehículo.

- A tarxeta de aparcamento axustada ó modelo oficial establecido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia deberá colocarse nun lugar ben visible do vehículo.

2.- A presente autorización ten carácter definitivo, agás varíen as circunstancias do solicitante ou se proceda á modificación das características da tarxeta polo Órgano competente da Comunidade Autónoma.

D) D. MANUEL LÓPEZ ÁLVAREZ.-

Visto o escrito formulado por **D. MANUEL LÓPEZ ÁLVAREZ,** titular do D.N.I. núm. 34.152.843-M e domiciliado en San Antolín, 1; a medio do cal solicita a renovación de tarxeta de aparcamento especial por minusválido, concedida pola Xunta de Goberno de data 5 de Decembro de 2.007 para o vehículo marca FORD ORION e matrícula LU-1799-K; a Xunta de Goberno, de conformidade coa Ordenanza Reguladora da expedición de tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida e á vista da documentación obrante no expediente, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Á vista de que concurren as mesmas circunstancias que motivaron a concesión inicial e se deu cumprimento ós requisitos esixidos na correspondente Ordenanza Reguladora, acceder ó solicitado e expedi-la correspondente tarxeta de aparcamento especial por minusválido para o vehículo marca FORD ORION e matrícula LU-1799-K, de acordo coas seguintes condicións:

- A tarxeta será persoal e intransferible e acreditará ó seu titular para o disfrute dos dereitos e facilidades no aparcamento e estacionamento para as persoas con mobilidade reducida.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ó seu titular que o vehículo ocupe unha das prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida nos lugares sinalados a tal efecto.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ós seus titulares estacionar os vehículos sen limitación de tempo naqueles lugares con tempo limitado.

- A tarxeta de aparcamento será válida en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A tarxeta de aparcamento poderá utilizarse en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta e non do vehículo.

- A tarxeta de aparcamento axustada ó modelo oficial establecido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia deberá colocarse nun lugar ben visible do vehículo.

2.- A presente autorización ten carácter definitivo, agás varíen as circunstancias do solicitante ou se proceda á modificación das características da tarxeta polo Órgano competente da Comunidade Autónoma.

E) D. FAUSTINO ARMESTO LÓPEZ.-

Visto o escrito formulado por **D. FAUSTINO ARMESTO LÓPEZ,** titular do D.N.I. núm. 33.765.679-T e domiciliado na rúa Fiz Vergara Vilariño, 3ª Fase, Portal 1, 2º B; a medio do cal solicita a expedición de tarxeta de aparcamento especial por minusválido para o vehículo marca FORD FIESTA e matrícula LU-7666-O; a Xunta de Goberno, de conformidade coa Ordenanza Reguladora da expedición de tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida e á vista da documentación obrante no expediente, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e expedi-la correspondente tarxeta de aparcamento especial por minusválido, de acordo coas seguintes condicións:

- A tarxeta será persoal e intransferible e acreditará ó seu titular para o disfrute dos dereitos e facilidades no aparcamento e estacionamento para as persoas con mobilidade reducida.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ó seu titular que o vehículo ocupe unha das prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida nos lugares sinalados a tal efecto.

- A tarxeta de aparcamento permitirá ós seus titulares estacionar os vehículos sen limitación de tempo naqueles lugares con tempo limitado.

- A tarxeta de aparcamento será válida en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A tarxeta de aparcamento poderá utilizarse en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta e non do vehículo.

- A tarxeta de aparcamento axustada ó modelo oficial establecido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia deberá colocarse nun lugar ben visible do vehículo.

2.- A presente autorización ten carácter definitivo, agás varíen as circunstancias do solicitante ou se proceda á modificación das características da tarxeta polo Órgano competente da Comunidade Autónoma.

35.- COMUNICACIÓNS E DISPOSICIÓNS OFICIAIS.-

Dase conta das seguintes comunicacións e disposicións oficiais:

- Do **MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, "CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL",** referente a notificación de proposta de resolución pola que se procede á determinación do canon de control de vertidos de Concello de Sarria-Saneamento-Manán (Mato San Salvador), con efectos desde o 12/11/2.006, así como liquidación do mesmo correspondente ó período 12/11/2.006 a 31/12/2.007; con apertura dun prazo de 15 días para formulación de alegacións.

- De **"ZARDOYA OTIS, S.A",** referente á necesidade de dotación da correspondente liña telefónica nos ascensores de edificios públicos municipais, para instalación dun sistema de comunicación bidireccional de conformidade co disposto no R.D. 57/2005.

- Do **MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, "CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL",** referente a autorización para aproveitamento de 3,23 l/seg. de auga, en tempada de rego, procedente do Río Sarria, mediante unha presa denominada "Peizás", no lugar de Manán, da parroquia de S. Salvador do Mato, deste Término Municipal, para rego de 6,7053 Has de varias parcelas, solicitada pola *COMUNIDADE DE REGANTES PRESA DE PEIZÁS;* e contra a que se poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o Presidente da Confederación Hidrográfica do Norte ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias. Os prazos de interposición de ambos recursos serán, respectivamente, de un mes e dous meses, a contar desde o día seguinte ó da notificación da resolución.

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

FORA DA ORDE DO DÍA E PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA, ADOPTÁRONSE, ENTROUTROS, OS SEGUINTES ACORDOS:

- ***APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DE "CAPTACIÓN EN TOSAL E SAN ESTEBAN PARROQUIA DE LOUSADELA".-***

Visto o expediente administrativo de referencia; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Prestar aprobación ó expediente de contratación que se tramita relativo á contratación das obras comprendidas no Proxecto de ***"CAPTACIÓN EN TOSAL E SAN ESTEBAN PARROQUIA DE LOUSADELA".***

2.- Prestar aprobación ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripcións Técnicas redactados que rexerán a contratación.

3.- Optar, a proposta da Alcaldía e tendo en conta o disposto no artigo 155 d) da Lei 30/2.007, de 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público", polo procedemento negociado sen publicidade, por razóns de urxencia, como forma de adxudicación do presente contrato.

4.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ó obxecto de que, ata a adxudicación provisional, desenvolva todo o procedemento de negociación nos termos previstos no artigo 162 da Lei 30/2.007, de 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público" e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, garantindo os principios de formalización documental, igualdade, non discriminación e transparencia que regula o procedemento negociado.

E non habendo máis asuntos de qué tratar, o Sr. Alcalde, levantou a sesión sendo as once horas e trinta menutos, da que eu, Secretario, certifico.

Visto e prace
O Alcalde,